



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 28 de XUÑO de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e oito de xuño de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(475).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 21 de xuño de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(476).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA FOXOS, ENTRE AS RÚAS TRAVESÍA DOS FOXOS 1 E SANJURJO BADÍA”. EXPTE. 1754/441.

Visto o informe de fiscalización do 20/06/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada en data 14/06/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Foxos, entre as rúas Travesía dos Foxos 1 e Sanjurjo Badía” (1754-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Foxos, entre as rúas Travesía dos Foxos 1 e Sanjurjo Badía” (1754-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 17 de novembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA FOXOS, ENTRE AS RÚAS TRAVESÍA DOS FOXOS 1 E SANJURJO BADÍA”, redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas e Enxeñeiro Civil Diego Conde Rodríguez, cun orzamento base de licitación que ascende a un total de SETENTA E UN MIL CATROCENTOS SETENTA E TRES EUROS CON NOVE CÉNTIMOS (71.473,09 €), lve engadido, segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	71.473,09 €
------	-------------

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 10.10.2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo a partida orzamentaria 1532.609.00.04 (CONSTRUCCIÓN BEIRARRÚAS FOXOS A SANJURJO BADIA).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 24 de maio de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial e o xefe da Área de Servizos Xerais o 20 de maio de 2024

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Foxos, entre as rúas Travesía dos Foxos 1 e Sanjurjo Badía” (1754-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadoras	Total puntos
1	SERVICIOS AMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	96,50
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	37,49

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS AMBIENTALES DEL MIÑO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS AMBIENTALES DEL MIÑO, S.L., o día 27 de maio de 2024, que presenta a documentación requirida o 4 de xuño de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figura a constitución da licitadora

así como o apoderamento do seu representante e os certificados positivos de débedas da AEAT, ATRIGA e TGSS.

- A escritura de constitución da licitadora, os estatutos e a tarxeta de identificación fiscal xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (70.882,40 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (71.473,09 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2022 supera esta cantidade.
- Seguro de caución por un importe de 2.953,43 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivos de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 14 de xuño de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da *Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada*”.documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SERVICIOS AMBIENTALES DEL MIÑO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SERVICIOS AMBIENTALES DEL MIÑO, S.L., de acordo cos informes de valoración das



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 8 e 21 de maio de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión deste procedemento de COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial e o xefe da Área de Servizos Xerais o 20 de maio de 2024.*
2. *Adxudicar a SERVICIOS AMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Foxos, entre as rúas Travesía dos Foxos 1 e Sanjurjo Badía” (1754-441) por un prezo total do contrato de 66.455,68 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 11.533,63 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(477).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DOS PLANS DE AUTOPROTECCIÓN E COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS PREVENTIVAS DE SEGURIDADE E SAÚDE PARA AS CAMPAÑAS DO NADAL. EXPTE. 9394/106.

Visto o informe de fiscalización do 25/06/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada en data 21/06/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción dos plans de autoprotección e coordinación de actividades empresariais preventivas de seguridade e saúde para as campañas do Nadal 2023-2024, 2024-2025, 2025-2026 e 2026-2027 (9394-106)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción dos plans de autoprotección e coordinación de actividades empresariais preventivas de seguridade e saúde para as campañas do nadal 2023-2024, 2024-2025, 2025-2026 e 2026-2027 (9394-106)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para contratar por procedemento aberto o contrato de servizos para a redacción dos plans de emerxencia, autoprotección e coordinación de seguridade para as Campaña do Nadal 2023-2024, 2024-2025, 2025-2026 e 2026-2027.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares de data 30/08/2023 e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola técnica de administración xeral de data 15/11/2023.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de 64.767,32, que inclúe un IVE de 11.240,60 € , durante o seguinte prazo de execución:

Lote I-Plan Autoprotección.

<i>Campaña Nadal</i>	<i>Inicio</i>	<i>Fin</i>	<i>Días</i>
<i>2023-2024</i>	<i>Sinatura contrato</i>	<i>14-01-2024</i>	<i>A determinar</i>
<i>2024-2025</i>	<i>01-09-2024</i>	<i>12-01-2025</i>	<i>134</i>
<i>2025-2026</i>	<i>01-09-2025</i>	<i>11-01-2026</i>	<i>133</i>
<i>2026-2027</i>	<i>01-09-2026</i>	<i>10-01-2027</i>	<i>132</i>

Lote II-Coordinación Seguridade e Saúde.

<i>Campaña Nadal</i>	<i>Inicio</i>	<i>Fin</i>	<i>Días</i>
<i>2023-2024</i>	<i>Sinatura contrato</i>	<i>28-02-2024</i>	<i>A determinar</i>
<i>2024-2025</i>	<i>01-08-2024</i>	<i>26-02-2025</i>	<i>210</i>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

2025-2026	01-08-2025	25-02-2026	209
2026-2027	01-08-2026	24-02-2027	208

o cal se imputará á partida 4310.2270600 "Asistencias Técnicas" co seguinte desglose:

ANUALIDADE	LOTE I	LOTE II	CUSTE NETO	IVE	IMPORTE (IVE engadido)
2023	6.618,50 €	4.086,85 €	10.705,35 €	2.248,12 €	12.953,47 €
2024	8.273,12 €	5.108,56 €	13.381,68 €	2.810,15 €	16.191,83 €
2025	8.273,12 €	5.108,56 €	13.381,68 €	2.810,15 €	16.191,83 €
2026	8.273,12 €	5.108,56 €	13.381,68 €	2.810,15 €	16.191,83 €
2027	1.654,62 €	1.021,71 €	2.676,33 €	562,03 €	3.238,36 €
TOTAL	33.092,48 €	20.434,24 €	53.526,72 €	11.240,60 €	64.767,32 €

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista ."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 4 de xuño de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo enxeñeiro industrial o 27 de maio de 2024:

1. S.P.R.L. MARE NOSTRUM, S.L.
2. INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción dos plans de autoprotección e coordinación de actividades empresariais preventivas de seguridade e saúde para as campañas do nadal 2023-2024, 2024-2025, 2025-2026 e 2026-2027 (9394-106) na seguinte orde descendente:

- Lote 1. Plan Autoprotección

	Licitador	Puntuación total
1	PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN, S.L.	100

- Lote 2. Coordinación de Seguridade e Saúde

	Licitador	Puntuación total
1	ATENEA, S.A.U.	87,00
2	AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L.	45,09

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN, S.L. (Lote 1) e ATENEA, S.A.U. (Lote 2), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar, asemade, a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I (FEC) do PCAP para cada un dos lotes, respectivamente.
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN, S.L. (Lote 1) e ATENEA, S.A.U. (Lote 2), o día 5 de xuño de 2024, que presentan a documentación requirida, PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN, S.L. (Lote 1), os días 14 e 19 e ATENEA, S.A.U. (Lote 2), os días 17 e 18 de xuño de 2024, dentro do prazo concedido. ATENEA, S.A.U. (Lote 2) achega, asemade, o día 21 de xuño de 2024, fora do prazo concedido. Con respecto a esta última documentación, presentada fora do prazo concedido, en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda da documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais), procede admitila.

Esta documentación consta de:

- PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN, S.L. (Lote 1)

- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (8.624,41 €), presenta as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (8.624,40 €), presenta certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Acreditación dos medios persoais a adscribir á execución do contrato esixidos no apartado 5F do Anexo I (FEC) do PCAP.
- Xustificante de ingreso por un importe de 1.653,89 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT e a ATRIGA.

- ATENEA, S.A.U. (Lote 2)

- As escrituras de constitución da licitadora, de emenda da constitución, de cambio de denominación e de ampliación do obxecto social, xunto cos estatutos e a escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (5.192,35 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (5.192,34 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2022 supera esta cantidade.
- Acreditación dos medios persoais a adscribir á execución do contrato esixidos no apartado 5F do Anexo I (FEC) do PCAP.
- Seguro de caución por un importe de 880,72 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 21 de xuño de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e,

sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN, S.L. (Lote 1) e ATENEA, S.A.U. (Lote 2), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

As ofertas máis vantaxosas para a administración contratante son as formuladas por PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN, S.L. (Lote 1) e ATENEA, S.A.U. (Lote 2), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 29 de abril e 29 de maio de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión de S.P.R.L. MARE NOSTRUM, S.L. e INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L., por resolución da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), do 4 de xuño de 2024, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo enxeñeiro industrial o 27 de maio de 2024.*
2. *Adxudicar a PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN, S.L. o Lote 1 do procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción dos plans de autoprotección e coordinación de actividades empresariais preventivas de*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

seguridade e saúde para as campañas do nadal 2023-2024, 2024-2025, 2025-2026 e 2026-2027 (9394-106) coas seguintes condicións:

a) *O prezo do contrato é de 30.018,03 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 5.209,74 euros.*

O prezo do contrato é o resultado do prezo ofertado pola licitadora minorado o importe da pasada campaña do nadal 2023-2024 que non se vai executar.

b) *Incremento do número de horas adicadas ao Seguimento do Plan:*

- *Nos días de Alta Afluencia Festivos, sobre as 39 horas requiridas, 6,5 horas adicionais.*
- *Nos días de Alta Afluencia Laborais, sobre as 45 horas requiridas, 7,5 horas adicionais.*
- *Nos días de Baixa Afluencia, sobre as 28 horas requiridas, 7 horas adicionais.*

3. *Adxudicar a ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE S.A.U. o Lote 2 do procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción dos plans de autoprotección e coordinación de actividades empresariais preventivas de seguridade e saúde para as campañas do nadal 2023-2024, 2024-2025, 2025-2026 e 2026-2027 (9394-106) coas seguintes condicións:*

a) *O prezo do contrato é de 15.985,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 2.774,26 euros.*

O prezo do contrato é o resultado do prezo ofertado pola licitadora minorado o importe da pasada campaña do nadal 2023-2024 que non se vai executar.

b) *Incremento do número de horas adicadas á Dirección do Plan e Informes:*

- *Na Dirección do Plan, sobre as 69 horas requiridas, 25 horas adicionais.*
- *Na redacción de informes, sobre as 23 horas requiridas, 10 horas adicionais.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(478).- ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE RETRANSMISIÓN TELEVISIVA E VÍA STREAMING DOS ACTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 20034/101.

Visto o informe de fiscalización do 25/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/06/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación (PD 27/06/2023) e a xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de gravación, retransmisión en Televigo dos actos institucionais do Concello de Vigo 2024 (20034-101)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 31 de maio de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o servizo de contratación da gravación, retransmisión en Televigo dos actos institucionais do Concello de Vigo e mais en streaming.

Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía, asinado con data 18 de marzo de 2024.

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data 16 de maio de 2024.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de licitación de 130.108,77 co ive engadido. Sendo o importe do ive de 22.580,86 €

O importe da licitación podería tramitarse con cargo á aplicación 912.0.227.995.05 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do orzamento de Alcaldía para os anos 2024 e 2025.

O prazo de execución será dun ano (do 15 de maio de 2024 ao 14 de maio de 2025) por un importe de 130.108,77 co ive engadido.

O gasto imputarase as seguintes anualidades:

- Ano 2024: 55.741,08 €
- Ano 2025: 74.367,69 €



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.”.

Segundo.- O 3 de xuño de 2024 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO, S.L.U.

Terceiro.- O 13 de xuño de 2024, INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO, S.L.U., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 19 de xuño de 2024, reuníronse a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado, cualificándose, en primeiro lugar, a documentación administrativa e, en vista da documentación aportada para a solvencia técnica, solicítase emenda da mesma, tal e como se reflicte na acta do 19 de xuño.

Quinto.- O día 21 de xuño de 2024 vólvense reunir a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía para comprobar a documentación presentada pola licitadora en data 20 de xuño e comprobada que esta é correcta, conforme ao esixido na cláusula 13.8.A) do PCAP, enténdese emendada a documentación do sobre A e admítese neste procedemento a INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO, S.L.U. A continuación ábrese o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación “*dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación*”.

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP “*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.*”

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO, S.L.U., sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, onde figura o cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 13 de xuño de 2024 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO, S.L.U. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de gravación, retransmisión en Televigo dos actos institucionais do Concello de Vigo 2024 (20034-101) por un prezo total de 130.108,77 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 22.580,86 euros e coas seguintes características:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

- a) *Propón como porcentaxe único de redución do prezo unitario de cada evento 0 %.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(479).- DECISIÓN DE NON CELEBRAR O CONTRATO POR PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DO PROXECTO DE “PAVIMENTACIÓN DA RÚA DOUTOR CARRACIDO”. EXPTE. 1912/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/06/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa de Área de Contratación e novos proxectos e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación por procedemento aberto das obras do proxecto de “Pavimentación da Rúa Doutor Carracido” (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 7 de xuño de 2024 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) aprobou o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “Pavimentación da Rúa Doutor Carracido” (1912-441), autorizou o gasto e acordou a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- En data 7 de xuño de 2024 publicouse o anuncio de licitación no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, establecendo un prazo de presentación de ofertas ata o día 3 de xullo de 2024, e ata o momento non hai licitadores presentados.

Terceiro.- En data 14 de xuño de 2024, o servizo xestor emite informe técnico, asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais, no que entre outros extremos afirma que:

“En data 11 de xuño de 2024 prodúcese unha rotura da tubaxe de abastecemento de diámetro 150 localizada á altura do número 62 da rúa Doutor Carracido, provocando unha importante fuga de auga e interrompendo o servizo aos veciños entre as 08:00 e as 13:00 h.

Con ocasión desta incidencia, faise unha avaliación do estado das tubaxes de abastecemento da rúa, pola que discorren unha tubaxe de diámetro 100 pola marxe impar e diámetro 150 pola marxe par.

Estas se corresponden con tubaxes de fibrocemento (amiante) unidas mediante xuntas tipo Gibault. Dado o estado, tanto das tubaxes como das xuntas, é de prever que se repitan este tipo de incidencias, que teñen coma consecuencia a interrupción do servizo, afectando coa reparación das tubaxes ao pavimento do vial, e a resultas das fugas rexistradas, posibles danos a bens públicos e privados. A necesidade de intervir con frecuencia nas tubaxes desta rúa coma consecuencia da súa rotura, supón un incremento do risco, asociado á manipulación do amianto, que debe contemplarse para considerar a retirada das tubaxes desta rúa coma prioritarias.

Adicionalmente, debe terse en conta que a Ley 7/2022 de residuos y suelos contaminados para una economía circular establece na súa disposición adicional 14ª a obriga de que os concellos planifiquen a retirada das instalacións que conteñan amianto e de que planifiquen a súa retirada, indicando que as instalacións de carácter público con maior risco deberán estar xestionadas antes de 2028.

Tendo en conta o anterior, considérase prioritaria a retirada das redes do servizo de abastecemento da rúa, do cal se deriva necesariamente a afección ao pavimento da rúa, polo que non cabe a execución da actuación en marcha, pola inminente necesidade de renovar as redes soterradas e a execución das reposicións acordadas no ámbito da actuación da nova renovación para evitar duplicidade de molestias na execución e aumento da inseguridade para os usuarios da vía durante a execución das tarefas necesarias, todo elo en aras do interese público e da eficacia da xestión dos recursos públicos.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O artigo 152 LCSP contempla a decisión de non celebrar o contrato por parte da Administración indicando no seu apartado terceiro que soamente poderá adoptarse a decisión de non celebrar o contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

Segundo.- Pola súa banda, o artigo 152.2 LCSP establece que a decisión de non celebrar o contrato so se poderá acordar, por parte do órgano de contratación, previamente á formalización do correspondente contrato.

Terceiro.- A decisión de non celebrar o contrato implica, segundo o artigo 152.3 que *“non poderá promoverse unha nova licitación do seu obxecto en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a decisión”*.

Cuarto.- Dos feitos descritos no antecedente terceiro queda acreditado, como indica o propio informe que *“non cabe a execución da actuación en marcha”* ao ter que levar a cabo actuacións que suporían duplicidade, non so de execución senón tamén de gasto, polo que en aras do interese público, non ha lugar á celebración do presente procedemento de licitación ao cambiar as circunstancias de feito que deron lugar ao mesmo (Resolución 161/2002 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade de Madrid). Mencionar, asemade, que o Acordo 32/2016, do 29 de marzo de 2016, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón afirma que: *“(…) a renuncia, por motivos de interese público, implica a non realización da prestación obxecto da licitación, por resultar innecesaria ou non ser conveniente. Así o advirte a STJUE do 11 de decembro de 2014, Croce Amica One Italia Srl, que lembra que a normativa europea non establece que a renuncia do poder adxudicador a adxudicar un contrato público limítase a casos excepcionais, ou se base necesariamente en motivos graves. En todo caso, por razóns de transparencia, si se obriga á entidade adxudicadora a comunicar, no caso de que decida cancelar a licitación, os motivos da súa decisión aos candidatos e aos licitadores, o que non implica que a entidade adxudicadora estea obrigada a levar a termo o procedemento de adxudicación.”*

Quinto.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Sexto.- O artigo 152.1 LCSP establece que no caso de que o órgano de contratación decida non celebrar o contrato notificarao aos candidatos ou licitadores.

ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Non celebrar o contrato do procedemento de adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Pavimentación da Rúa Doutor Carracido” (1912-441) polas razóns expostas no precedente informe.

Segundo.- Notificar aos correspondentes licitadores o presente acordo, se os houbera e, en caso de que así fora, iniciar os trámites correspondentes para, se procedese, compensar aos licitadores ou candidatos aptos para participar na licitación dos gastos nos que tivesen incorrido na forma prevista no prego de cláusulas administrativas particulares.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(480).- RECTIFICACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXE O PROCEDIMENTO ABERTO PARA O SUBMINISTRO DOS DIVERSOS ELEMENTOS QUE CONFORMAN O VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 42883/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/06/2024, asinado pola xefa de Área de Contratación e novos proxectos e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, pola titular de Asesoría Xurídica e polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Pregos de cláusulas administrativas particulares para contratación do subministro dos diversos elementos que conforman o vestiario para o persoal municipal do concello de Vigo (PCAP)
- Pregos de prescricións técnicas para contratación do subministro dos diversos elementos que conforman o vestiario para o persoal municipal do concello de Vigo (PPT)

ANTECEDENTES



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

I .- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 07 de xuño de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, SUBMINISTRO DOS DIVERSOS ELEMENTOS QUE CONFORMAN O VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO, de acordo cos seguintes Lotes:

- LOTE Nº 1: Prendas ou elementos de uniformidade xeral.
- LOTE Nº 2: Roupa de traballo coa condición de EPIs.
- LOTE Nº 3: Calzado.
- LOTE Nº 4: Prendas ou elementos uniformidade específica do servizo de Policía local.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións técnicas particulares redactado polo Servizo Xestor e asinado polo Técnico de Planificación e Organización de RRHH, o Xefe da Área de Inversións, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación en data do 30 de abril e 2 de maio de 2024 e as fichas técnicas redactadas pola mercantil TRANSDUERO, SL de acordo cos seguintes Lotes:

- LOTE Nº 1: Prendas ou elementos de uniformidade xeral.
- LOTE Nº 2: Roupa de traballo coa condición de EPIs.
- LOTE Nº 3: Calzado.
- LOTE Nº 4: Prendas ou elementos uniformidade específica do servizo de Policía local.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 30 de maio de 2024.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo dun MILLÓN CORENTA E DOUS MIL EUROS (1.042.000,00 €), IVE engadido, sendo a partida correspondente ao IVE de CENTO OITENTA MIL OITOCENTOS CORENTA E DOUS EIROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (180.842,98 €).

Para o seo financiamento aplícaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, nas seguintes aplicacións orzamentarias e de acordo coa seguinte distribución de anualidades.

1320	221.04.00	Vestiario	6.000,00 €
1532	221.04.00	Vestiario Convenio Xunta. Concello	5.000,00 €
1532	221.04.01	Vestiario EPIS	5.000,00 €
1630	221.04.00	Vestiario Epis	3.000,00 €
1650	221.04.00	Vestiario Programas emprego	2.000,00 €
1710	221.04.00	Vestiario persoal	5.000,00 €

2410	221.04.00	Vestiario Programas emprego	39.000,00 €
3420	221.04.00	Vestiario persoal	27.000,00 €
9200	221.04.00	Vestiario servizos municipais	427.000,00 €
9202	221.04.00	Epis	2.000,00 €
			521.000,00 €

Lotes		2024	2025	Total
LOTE Nº 1	Prendas ou elementos de uniformidade xeral	115.000,00 €	115.000,00 €	230.000,00 €
LOTE Nº 2	Prendas ou elementos de uniformidade xeral	91.000,00 €	91.000,00 €	182.000,00 €
LOTE Nº 3	Calzado	50.000,00 €	50.000,00 €	100.000,00 €
LOTE Nº 4	Prendas ou elementos uniformidade especifica da Policía Local	265.000,00 €	265.000,00 €	530.000,00 €
		521.000,00 €	521.000,00 €	1.042.000,00 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

II.- O anuncio de licitación publicouse no DOUE e na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 11 de xuño de 2024.

III.- Un licitador, nunha consulta formulada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, pon de manifesto un posible erro en relación os importes unitarios identificados na cadro de prezos do lote nº 1 da licitación do expediente 42883-220.

IV.- Revisados polo servizo xestor o contido da memoria xustificativa así como o PCAP nos cales se recollen os cadros dos prezos unitarios dos elementos de cada un dos catro lotes dos que se compoñen esta licitación, detectase un erro de transcripción dos prezos unitarios no cadro correspondente o LOTE Nº1. Dito erro non afecta á determinación do importe do contrato xa que os importes utilizados para o lote a determinación do mesmo son os correctos, polo cal o erro produciuse na transcripción dos datos a táboa incluída na memoria xustificativa de data 24 de maio de 2024 da cal deriva o cadro incluído no propio PCA de data 30 de maio de 2024.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

Primeiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No caso que nos ocupa detectáronse erros de transcripción dos prezos unitarios no cadro correspondente o LOTE Nº1.

Segundo.- No caso de que se produzan modificacións nos pregos, a lei impón ao órgano de contratación a obriga de ampliación dos prazos de presentación de ofertas sempre que se trate de modificacións significativas (artigo 136.2 da LCSP), e determina os supostos que se consideran modificación significativa dos pregos. Estas son as que afecten:

- A clasificación requirida
- O importe e o prazo do contrato
- As obrigacións do adxudicatario
- O cambio ou a variación do obxecto do contrato

Polo tanto, o cambio nos prezos unitarios do lote 1 trátase de un dos supostos de modificación significativa e procede a ampliación do prazo de presentación de ofertas. Establece a lei que a duración da prórroga, en todo caso, será proporcional á importancia da información solicitada polo interesado. No caso que nos ocupa, ao afectar a modificación aos prezos unitarios, así como por razóns de seguridade xurídica, óptase por iniciar de novo o prazo de presentación das proposicións.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP.

ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Rectificar a taboa de prezos unitarios do lote 1 do apartado 3 G das FEC do prego de cláusulas administrativas particulares e da memoria aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de xuño de 2024 que rexe o procedemento aberto para o subministro dos diversos elementos que conforman o vestiario para o persoal municipal do concello de Vigo, por existir erros materiais, quedando redactado nos seguintes termos:

LOTE Nº 1: Prendas ou elementos de uniformidade xeral.

LOTE	REF	ARTICULO	Importe S/IVE	IVE	Importe C/IVE
L1	001	PANTALON CHINO VERANO	31,50 €	6,62 €	38,12 €
L1	002	PANTALON CHINO INVIERNO	36,00 €	7,56 €	43,56 €
L1	003	PANTALON DESBROZADORA	185,00 €	38,85 €	223,85 €
L1	004	CHANDAL	32,00 €	6,72 €	38,72 €
L1	005	PANTALON CORTO DEPORTE	19,20 €	4,03 €	23,23 €
L1	007	CAMISA BLANCA	21,95 €	4,61 €	26,56 €
L1	008	CAMISETA TERMICA	26,50 €	5,57 €	32,07 €
L1	009	CAZADORA	80,85 €	16,98 €	97,83 €
L1	012	CHALECO ACOLCHADO	62,65 €	13,16 €	75,81 €
L1	014	CHALECO ACOLCHADO MULTIBOLSILLOS	85,25 €	17,90 €	103,15 €
L1	015	CHAQUETA CARDIGAN	79,75 €	16,75 €	96,50 €
L1	016	CHAQUETA DE PUNTO MASCULINA	53,35 €	11,20 €	64,55 €
L1	017	CINTURON	31,35 €	6,58 €	37,93 €
L1	018	CUBRE CUELLO	24,14 €	5,07 €	29,21 €
L1	019	FORRO POLAR	60,45 €	12,69 €	73,14 €
L1	021	GORRA	13,75 €	2,89 €	16,64 €
L1	022	GORRA INVIERNO	16,45 €	3,45 €	19,90 €
L1	023	JERSEY	109,96 €	23,09 €	133,05 €
L1	024	MONO	98,95 €	20,78 €	119,73 €
L1	026	PANTALON BIELASTICO MULTIBOLSILLOS	83,05 €	17,44 €	100,49 €
L1	028	PANTALON TERMICO	21,95 €	4,61 €	26,56 €
L1	030	PARKA MONOCOLOR	142,95 €	30,02 €	172,97 €
L1	031	POLO MANGA CORTA	32,95 €	6,92 €	39,87 €
L1	033	POLO MANGA LARGA	33,95 €	7,13 €	41,08 €
L1	035	SOFTSHELL MONOCOLOR	101,15 €	21,24 €	122,39 €
L1	037	TRAJE DE AGUA	146,80 €	30,83 €	177,63 €
L1	041	CALCETIN TERMICO BOMBEROS	11,75 €	2,47 €	14,22 €
L1	042	CALCETIN VERANO	4,30 €	0,90 €	5,20 €
L1	043	CALCETIN INVIERNO	9,60 €	2,02 €	11,62 €
L1	044	BATA MANGA LARGA HOMBRE	43,78 €	9,19 €	52,97 €
L1	045	BATA MANGA LARGA MUJER	43,78 €	9,19 €	52,97 €
L1	046	CASACA SANITARIA	39,60 €	8,32 €	47,92 €
L1	047	PANTALON SANITARIO	42,90 €	9,01 €	51,91 €
L1	048	CAZADORA TÉCNICA	166,41 €	34,95 €	201,36 €
L1	049	CHALECO DESMONTABLE	70,17 €	14,74 €	84,91 €
L1	050	PANTALON CORTO INTERVENCION	36,55 €	7,68 €	44,23 €
L1	051	CAMISETA TECNICA M/C	35,41 €	7,44 €	42,85 €
L1	052	CAMISETA TECNICA M/L	37,50 €	7,88 €	45,38 €
L1	053	PANTALON PARQUE	70,96 €	14,90 €	85,86 €
L1	075	TOALLA	18,86 €	3,96 €	22,82 €



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

L1	076	POLO MANGA CORTA Opcion 2	18,00 €	3,78 €	21,78 €
L1	077	POLO MANGA LARGA Opcion 2	20,00 €	4,20 €	24,20 €
L1	078	PANTALON BIELASTICO MULTIBOLSILLOS OPCION 2	35,00 €	7,35 €	42,35 €
L1	079	MANDIL DESBROZADORA	50,00 €	10,50 €	60,50 €
L1	080	SOMBRERO LLUVIA	18,00 €	3,78 €	21,78 €
L1	090	CAZADORA MOTO	250,00 €	52,50 €	302,50 €
L1	091	PANTALON MOTO	200,00 €	42,00 €	242,00 €
L1	092	GUANTE MOTO	60,00 €	12,60 €	72,60 €

2º.- Aprobar a memoria xustificativa de 13 de xuño de 2024 e a rectificación do prego de cláusulas administrativas particulares para o subministro dos diversos elementos que conforman o vestiario para o persoal municipal do concello de Vigo asinado o 13 de xuño de 2024 pola xefa de Area de Contratación e novos proxectos que recolle as rectificacións sinaladas no punto anterior.

3º.- Publicar este acordo, a memoria xustificativa do expediente asinada o 13 de xuño de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 13 de xuño de 2024 no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público”.

4º.- Reiniciar o prazo de presentación das proposicións.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(481).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO CO CLUB DEPORTIVO AMFIV EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2023-2024. EXPTE. 23497/333.

Visto o informe xurídico de data 31/05/2024 e o informe de fiscalización do 20/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 24/05/2024, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro-delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

a.- Con data 09.02.24, o Concelleiro de deportes ordenou o inicio do expediente conducente á sinatura dun convenio coa entidade Club Deportivo AMFIV orientado a subvencionar o seu proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2023-2024.

b.- Con data 03.04.24 a entidade Club Deportivo AMFIV presentou a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc. 240108108) a solicitude de subvención polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2023-2024.

c.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

d.- Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos, entre os que se atopa o fomento ó deporte de alto nivel.

e.- Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada a fortalecer o apoio e a axuda ás entidades deportivas da cidade de Vigo polo desenvolvemento dos proxectos de actividade vinculados coa participación en competicións federadas de alto nivel.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 60.000,00€ prevista na partida orzamentaria 3410.4890007 a favor da entidade C.D. AMFIV polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2023-2024.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

En relación a esta actuación de fomento da actividade colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva C.D. AMFIV conta cun equipo de elite na Baloncesto en cadeira de rodas na categoría División de Honra. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de Honra hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2023-2024, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade C.D. AMFIV e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de

Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade C.D. AMFIV para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido na liña orientada á promoción do deporte de elite, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para a xuventude deportista, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

Segundo.- Motivación

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.489.00.07 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade C.D. AMFIV durante a tempada deportiva 2023-2024 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2024.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de

gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Terceiro.- Proposta

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva C.D. AMFIV para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2023-2024 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 60.000,00 € a favor da entidade CD AMFIV co CIF: G36711380 e enderezo social en Kiosco Canido Estación S/N CP (36390), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 23497-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890007 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A entidade C.D. AMFIV EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2023-2024 (EXPTE. 23497-333).

REUNIDOS

Dunha parte, Elena Espinosa Mangana, Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023, BOP n.º 124 de data 28.06.2023)

Doutra, José Antonio Beiro Rodríguez como presidente da entidade CD AMFIV CIF: G36711380 e enderezo social en Kiosco Canido S/N (36390), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 23497-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar ó desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade C.D. AMFIV durante a tempada 2023-2024. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría División de Honra desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

A entidade C.D. AMFIV desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2023-2024.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade C.D. AMFIV impulsa e estimula a participación da mocidade no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Baloncesto en cadeira de rodas en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890007 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 60.000,00€ a favor da entidade C.D. AMFIV.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade C.D. AMFIV na tempada deportiva 2023-2024.

VI.- Que a entidade C.D. AMFIV non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Estado e CCAA) e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 23497-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o C.D. AMFIV conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade C.D. AMFIV comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na Baloncesto en cadeira de rodas na tempada 2023-2024.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º.- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade C.D. AMFIV na tramitación das solicitudes relativas á realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade C.D. AMFIV (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade C.D. AMFIV unha subvención por importe de 60.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.4890007 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadruar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2023-2024.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado

expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2023-2024 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2024 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2023-2024. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia-

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de novembro de 2024 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención, así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerese polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

8(482).- AUTORIZACIÓN DE ASISTENCIA E AXUDAS DE CUSTO PARA A PARTICIPACIÓN DA CIDADE DE VIGO NOS XV XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO A CELEBRAR NAS CIDADES DE FAMILIÇÃO E BRAGA – PORTUGAL. EXPTE. 6731/611.

Visto o informe de fiscalización do 25/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/06/2024, asinado polo adxunto á Xefatura do Servizo de Deportes, o xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte.

Atendendo a participación da Cidade de Vigo nos XV Xogos do Eixo Atlántico na cidade de MAIA, expd. 6438-611, cunha delegación de 64 persoas entre deportistas e responsables técnicos, nas modalidades Baloncesto Feminino, Balonmán masculino, Balonmán Femenino e Voleibol feminino dende o día 30 de xuño ata o día 5 Xullo (ambos inclusive) a José Angel Lago Filgueira, membro do Grupo de Traballo técnico do Xogos do Eixo Atlántico, é necesario que o Director técnico de Deportes do Concello de Vigo represente a cidade de Vigo, como responsable da delegación municipal, asumindo a responsabilidade da mesma durante o desenvolvemento dos Xogos e nos traslados da delegación.

O responsable municipal e o interlocutor válido do Concello de Vigo, designado polo Concelleiro de Deportes, diante da organización dos Xogos, tendo facultade para mediar e realizar as xestións sobre calquera incidencia da delegación e asistencia as reunións diarias coa organización. Así mesmo forma parta como vogal do comité organizador.

Atendendo ao exposto proponse A Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Primeiro: Autorizar a asistencia como representante municipal da delegación da Cidade de Vigo nos XV Xogos do Eixo atlántico, que se celebrarán nas cidades de Famalição e Braga dende o día 30 xuño ao 5 de xullo , ambos inclusive, ao ADXS Director técnico de Deportes do Concello de Vigo, José Angel Lago Filgueira con DNI ***810**K así como a tramitación posterior das axudas de custo de desprazamento, gastos de locomoción.

Segundo: Autorizar o uso do vehículo particular para os desprazamentos durante o período de desenvolvemento dos XV Xogos do Eixo Atlántico nas Cidades de Famalição e Braga dende o 30 de xuño ao 5 de xullo, ambos inclusive.

Terceiro: Autorizar as axudas de custo correspondentes aos desprazamentos con cargo a partida orzamentaria 3420 2310000 gastos de locomoción por importe máximo de 350 €, a favor do Adxunto Xefatura de servizo director técnico de deportes José Angel Lago Filgueira con DNI ***810**K.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

9(483).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DA ÁREA DE GOBERNO DE ORZAMENTOS E FACENDA POLA QUE SE APROBA O PADRÓN FISCAL DA TAXA DE LIXO VIVENDA DO ANO 2024. EXPTE. 91146/513.

Dáse conta da Resolución de data 12/06/2024 do concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

DECRETO

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolucións de Delegación de Alcaldía de datas 19 e 20 de xuño de 2023 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral).

De conformidade co Informe Proposta da Dirección de Ingresos, de data 11 de xuño de 2024,

RESOLVO:

- 1. Aprobar o Padrón fiscal da taxa da recollida do lixo de vivendas do exercicio 2024**, por un importe total de **12.826.743,95.- Euros, (DOCE MILLÓNS, OITOCENTOS VEINTE E SEIS MIL, SETECENTOS CORENTA E TRES, CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS)**, que consta de **146.377** inscricións, segundo a relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 128.839 que figura a nome de D^a MARÍA CARMEN FERNÁNDEZ ABALDE polo obxecto tributario de CM A LATIÑA Nº 12, e remata coa inscrición nº 17.348 que figura a nome de D. JOSÉ MANUEL COLLAZO PIAY polo obxecto tributario de ZARAGOZA 6º F.
- 2. Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral.
- 3. Proceder á exposición pública** durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pagamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

10(484).- RECTIFICACIÓN DE ACORDO RELATIVO Á RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA O DESENVOLVEMENTO DE FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, GASTRONÓMICAS, E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS PERÍODO 2022-2023 E OUTORGAMENTO DA SUBVENCIÓN SOLICITADA. EXPTE. 9712/335.

Visto o informe xurídico de data 02/05/2024 e o informe de fiscalización do 19/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/04/2024, asinado polo enxeñeiro industrial e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. Con data 11 de maio de 2023 apróbase pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para o desenvolvemento de Festas Tradicionais, Patronais, Gastronómicas e Actividades Socioculturais período 2022 - 2023 (expte. 9712/335). A cantidade destinada á presente convocatoria ascende a 239.000 € con cargo a partida 3380.489.0000 do programa de Festas para o vixente exercicio.

2. Con data, 18 de maio de 2023 foron publicadas no BOPPO as bases reguladoras da concesión das subvencións do servizo de Festas para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais período 2022-2023. O prazo de presentación de solicitudes foi de 15 días hábiles, que comezou ao día seguinte da publicación do extracto no BOPPO, sendo o inicio o 23 de xuño e o remate o 13 de xullo de 2023, ambos os dous incluídos.

3. A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas foi levado a cabo polo servizo de Festas, que unha vez revisadas as solicitudes e de acordo co estipulado na base oitava (instrución) solicitaron aos/as interesados/as para que nun prazo de dez días, completaran a documentación ou os defectos materiais e formais e achegaran os documentos perceptivos.

4. Unha vez rematada a instrución do expediente, foi remitido á Comisión de Avaliación que se reúne ás 09:00 horas do día 5 de decembro de 2023 na planta segunda do Concello de Vigo, e que está integrada polo Concelleiro Delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, D. Ángel Rivas González que actúa como presidente; e por D. Álvaro Crespo Casal como vogal e Antía Mosquera González como secretaria.

5. Co fin de valorar a documentación relativa as subvencións que é preciso emendar, a Comisión de Avaliación reúnese ás 09:00 horas do día 3 de abril de 2024 na planta segunda do Concello de Vigo, e que está integrada polo Concelleiro Delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, D. Ángel Rivas González que actúa como presidente; e por D. Álvaro Crespo Casal como vogal e Antía Mosquera González como secretaria.

Procédese a revisión da documentación presentada pola Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de Cabral e compróbase que a entidade cumpren cos requisitos necesarios para acceder ás subvencións solicitadas.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

A devandita entidade, mediante documento 240086080 de data 14/03/24, indica que en prazo presentou solicitude para o festival UNDER CABRAL 2023, xunto con dúas actividades máis, e que desta última non recibiu indicación de subvención concedida.

A subvención da Liña 2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas. O número máximo de festas, programas ou actividade a presentar por cada entidade a este concepto a subvencionar é de DOUS (2). A entidade, solicitara:

- Con data 11 de xullo de 2023 (doc. Núm. 230208829) solicita acollerse á subvención dentro da Liña 2:
Liña 2.1.- Fogueira de San Xoan (importe solicitado 1.000,00 €)
Liña 2.2.- XXXIII Festa do Socio (importe solicitado 3.000,00 €)
- Con data 13 de xullo de 2023 (doc. núm. 230210726) presentan Anexo I rectificado solicitando acollerse á subvención dentro da Liña 2 da seguinte forma:
Liña 2.1.- UNDER CABRAL 2023 (importe solicitado 3.000,00 €)
Liña 2.2.- Fogueira de San Xoan (importe solicitado 1.000,00 €)
Liña 2.2.- XXXIII Festa do Socio (importe solicitado 3.000,00 €)

7. Revisada a documentación, advírtese un erro no outorgamento da subvención do ano 2023 á Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral, ao non ter en conta a rectificación presentada, por canto:

Onde dicía:

“Liña 2: Actividades Socioculturais relacionadas coas artes escénicas (...):

Expte.	ENTIDADE	CIF	Programa	Importe subvención
9896-335	Asoc. Veciñal Cultural e Deportiva de Cabral	G36651073	Fogueira de San Xoan XXXIII Festa do Socio	782,92 € 840,91 €

Debería dicir:

“Liña 2: Actividades Socioculturais relacionadas coas artes escénicas (...):

Expte.	ENTIDADE	CIF	Programa	Importe subvención
9896-335	Asoc. Veciñal Cultural e Deportiva de Cabral	G36651073	UNDER CABRAL 2023 Fogueira de San Xoan XXXIII Festa do Socio	913,40 € 782,92 € 840,91 €

8. No acordo da XGL do 16/02/2024 no que non se incluía este importe de 913,40 euros, preveuse un gasto da *Liña 2: Actividades Socioculturais relacionadas coas artes escénicas*, por un total de 36.657,24 €, polo que este gasto non previsto debe ser aprobado, previa fiscalización da Intervención Municipal.

A cuantía individualizada que lle corresponde á entidade **Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral** conforme á Base Décimo Primeira é

Programa de actividade	Puntuación total obtida	Importe por puntos	Presuposto (ive incluído)	75% Pre-suposto (ive incluído)	Importe solicitado	Cuantía subvencionable	% subvencionable respecto do solicitado
Fogueira de San Xoan (xa outorgada)	54	782,92 €	2.311,27 €	1.733,45 €	1.000,00 €	782,92 €	33,87 %
XXXIII Festa do Socio (xa outorgada)	58	840,91 €	4.377,43 €	3.283,07 €	3.000,00 €	840,91 €	19,20 %
UNDER CABRAL 2023	63	913.40 €	16.350,00 €	12.262,50 €	3.000,00 €	913.40 €	5,59 %
TOTAL						2.537,23 €	

FUNDAMENTOS

A Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no artigo 109 permite ás administracións rectificar en calquera momento de oficio os erros materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

De acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, da información que obra en poder do órgano de instrutor despréndese que a entidade beneficiaria cumpre cos requisitos necesarios para acceder a subvención.

Á vista do exposto, e de acordo co establecido na base oitava, punto 5 das bases, previo informe da Intervención de Fondos e coa conformidade do concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Rectificar o acordo da XGL de 16/02/2024, de xeito que, onde dicía:

Onde dicía:

“(…) Liña 2: *Actividades Socioculturais relacionadas coas artes escénicas:(…)*”

Expte.	ENTIDADE	CIF	Programa	Importe subvención
9896-335	Asoc. Veciñal Cultural e Deportiva de Cabral	G36651073	Fogueira de San Xoan XXXIII Festa do Socio	782,92 € 840,91 €

Debería dicir:

“...Liña 2: *Actividades Socioculturais relacionadas coas artes escénicas:(…)*”

Expte.	ENTIDADE	CIF	Programa	Importe subvención
9896-335	Asoc. Veciñal Cultural e Deportiva de Cabral	G36651073	UNDER CABRAL 2023 Fogueira de San Xoan XXXIII Festa do Socio	913,40 € 782,92 € 840,91 €



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

SEGUNDO.- Aprobar a concesión da subvención a favor da entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral, pola organización da Festa UNDER CABRAL 2023.

TERCEIRO.- Autorizar e dispoñer o **gasto adicional** de **913,40 euros** a favor da entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral (G36.651.073) con enderezo social na rúa Ecuador num. 34, 36203 Vigo, Pontevedra segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 9712-335. Este crédito é con cargo á partida 3380.4890000 (Transferencia a Entidades e Comisións de Festas) do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(485).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR PARA O DESENVOLVEMENTO DA XESTIÓN DO CENTRO DE EMERXENCIA PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 9423/224.

Visto o informe xurídico de data 29/05/2024 e o informe de fiscalización do 24/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 31/05/2024, asinado pola xefa de Igualdade e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 2 de outubro de 2019, o Concello de Vigo e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar asinaron o Convenio de colaboración para o desenvolvemento da xestión do Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero (CEMVI) (Acordo da Xunta de Goberno Local de data 26.09.2019).

O convenio ten por obxecto regular a xestión e o mantemento do CEMVI establecendo o marco da colaboración entre o Consorcio e o Concello de Vigo e definindo as achegas de cada unha das partes e as obrigas e compromisos que adquiren, de acordo sempre cos principios de atención de emerxencia, especializada e multidisciplinar.

O CEMVI, integrado na Rede Galega de Acollemento, ten como finalidade proporcionar aloxamento inmediato e de curta estancia ás mulleres, e á súa prole, que se atopen inmersas nunha situación de malos tratos e garantirlles un acollemento de emerxencia mentres se valora a súa situación, se inicia o tratamento e/ou se efectúa unha derivación a outro dispositivo máis axeitado.

O Centro garante unha atención continuada ás usuarias todos os días do ano, incluídos sábados, domingos e festivos.

Mediante a sinatura do dito convenio, o Consorcio Galego comprometeuse a asumir a xestión integral do Centro facéndose cargo de todos os gastos derivados do seu funcionamento e equipamento. O Consorcio Galego debe xestionar o Centro de Emerxencia de acordo coa normativa aplicable en materia de centros de servizos sociais e de acollida para mulleres vítimas de malos tratos e coa súa propia normativa interna, correspondéndolle, entre outras, as seguintes atribucións e cometidos:

- a) Garantir a acollida no CEMVI das mulleres vítimas de violencia de xénero e das persoas delas dependentes derivadas polo Concello de Vigo.
- b) Selección, contratación e dirección do persoal.
- c) Garantir o cumprimento do regulamento e normas de réxime interno e demais normativa vixente.
- d) Elaboración do proxecto de intervención das mulleres aloxadas no dispositivo.
- e) Con carácter xeral, todas aquelas xestións que se deriven da cesión do uso do Centro.

O Concello de Vigo asumiu a obriga de ceder ao Consorcio Galego o uso do inmovible e do equipamento e mobiliario existente, así como o compromiso de contribuír ao financiamento dos gastos derivados do funcionamento e mantemento do CEMVI cunha achega anual de 241.000 €, segundo o estipulado na cláusula oitava do convenio.

Na cláusula décimo cuarta do convenio aprobado, e de conformidade co establecido no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), establécese a duración deste convenio en catro anos comezando a súa vixencia dende a súa sinatura polas partes. Así mesmo, a dita cláusula dispón que o convenio poderá prorrogarse por catro anos máis, sen que a súa duración total poida superar o prazo máximo de oito anos. Cada unha das prórrogas será por un período dun ano de duración e precisará do acordo previo das partes e a aprobación da Xunta de Goberno Local antes da finalización da vixencia do convenio.

En base ao anterior, e dado que os catro anos do período de vixencia do convenio asinado polas partes finalizaron o 1 de outubro de 2023 e que a primeira prórroga do convenio aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 8 de xuño de 2023 finaliza o 1 de outubro de 2024, en data 16.05.2023 solicitouse ao Consorcio Galego que comunicase ao Concello de Vigo a súa conformidade ou desconformidade coa continuidade do convenio, que se materializaría a través da aprobación pola Xunta de Goberno Local dunha segunda prórroga do convenio, dun ano de duración, que se estendería desde o día 2 de outubro de 2024 ata o 1 de outubro de 2025 (incluídos).

Mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello do 21/05/2024 e número de documento 240156195 (anexado a este expediente), a Xerencia do Consorcio Galego de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

Servizos de Igualdade e Benestar comunicou a súa conformidade coa continuidade do convenio.

A teor do exposto, este Servizo xestor valora procedente tramitar e propoñer a aprobación da segunda prórroga do convenio, que comprenderá o período dende o 2 de outubro de 2024 ata o 1 de outubro de 2025 (ambos incluídos).

Para poder facer fronte aos pagos do convenio durante o período de vixencia da segunda prórroga é necesario comprometer o importe total de 241.000 €. O devandito gasto farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria “*Convenio Cons. Galego Igual. B.S Centro Emerxencia*” 2311 4539000 do orzamento vixente do Servizo de Igualdade e do futuro exercicio 2025, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do Servizo de Igualdade, desglosado do seguinte xeito: 60.086,02 € (RC núm. 202400007807) para o presente exercicio económico e 180.913,98 € para o futuro exercicio 2025.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Competencias da Administración local:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que, no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, atribúe aos municipios competencia na materia de “*actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero*”.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que regula no capítulo VI do Título Preliminar os convenios das Administracións Públicas.
- Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local.

Dereitos das vítimas e normativa de igualdade e violencia de xénero:

Nivel internacional:

- Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica, asinado en 2011 (Convenio de Estambul), vinculante para España desde 2014, que estipula a obriga das partes de establecer medidas e servizos de apoio especializados inmediatos a curto e a longo prazo, entre eles: o asesoramento psicolóxico, o asesoramento xurídico, a asistencia financeira, os servizos de aloxamento, a educación, a formación e a asistencia para a busca de emprego (artigo 20).

Nivel estatal:

- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que impón aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. No seu artigo 21.2, estipula que as Entidades Locais integrarán o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborarán, a tal efecto, co resto das Administracións públicas.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, cuxo artigo 1 inclúe dentro do seu obxecto a prestación de asistencia ás mulleres, aos seus fillos e fillas menores e aos e ás menores suxeitos á súa tutela ou garda e custodia, vítimas desta violencia, e dispón que a violencia de xénero a que se refire esta Lei comprende tamén a violencia que, co obxectivo de causar prexuízo ou dano ás mulleres, se exerza sobre os/as seus/súas familiares ou achegados/as menores de idade. O artigo 19, ademais, establece o dereito á asistencia social integral para as vítimas, incluídos os servizos de acollemento, e a competencia para a súa organización por parte das Corporacións Locais.
- Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, que, no seu artigo 29, establece a obriga das administracións públicas de prestar especial atención á protección do interese superior dos nenos, nenas e adolescentes que conviven en entornos familiares marcados pola violencia de xénero, garantindo a detección destes casos e a súa resposta específica, que garanta a plena protección dos seus dereitos, e estipula que as administracións públicas garantirán o apoio necesario para que as nenas, os nenos e adolescentes, de cara á súa protección, atención especializada e recuperación, permanezan coa muller, salvo se isto é contrario ao seu interese superior.
- Lei orgánica 10/2022, de 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, que modifica determinados artigos da Lei orgánica 1/2004 co obxectivo de dar cumprimento ao Pacto de Estado contra a violencia de xénero. O seu artigo 33 establece o dereito á asistencia social integral especializada e accesible para as mulleres, nenas e nenos vítimas de violencia sexual.
- Pacto de Estado contra a violencia de xénero aprobado polo Congreso das Deputadas e Deputados o 28 de setembro de 2017, que fai fincapé na necesidade de atención das vítimas da violencia de xénero no seu *Eixo 2. Mellora da resposta institucional: coordinación. Traballo en rede*; en especial, a medida 75: *Elaborar propostas para mellorar o apoio social, educativo, formación e inserción laboral, e tamén sobre a necesidade de articular axudas, incluso económicas por carecer de recursos, ou a prioridade para acceder a casas de acollida ou pisos tutelados, vivendas públicas ou residencias de maiores.*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

- Catálogo de Medidas Urxentes do Plan de Mellora e Modernización contra a violencia de xénero, aprobado mediante Acordo do Consello de Ministros/as do 27 de xullo de 2021 (Acordo publicado pola Resolución do 28 de xullo de 2021 da Subsecretaría), que establece dentro dos seus obxectivos o de fortalecer o acceso próximo ás medidas de autonomía económica e o acceso á vivenda das vítimas e de seus fillos e fillas, con independencia da denuncia.
- Resolución de 9 de xuño de 2015 da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade do 21 de xullo de 2014, polo que se aproba o protocolo de derivación entre centros de acollida para as mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas.

Nivel autonómico:

- Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que establece medidas para a sensibilización, prevención e tratamento da violencia de xénero, así como a protección e apoio ás mulleres que a sofren, así como ás súas fillas e fillos e persoas dependentes dela. O artigo 1 desta Lei inclúe a violencia vicaria dentro do concepto de violencia de xénero e o seu artigo 3 considera como formas de violencia de xénero a violencia física, psicolóxica, económica, sexual e abusos sexuais, acoso sexual, trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, a violencia vicaria, e a violencia de xénero dixital ou violencia en liña contra a muller, a explotación sexual, e calquera outra maneira de violencia recollida nos tratados internacionais que lesionen ou sexa susceptibles de lesionar a dignidade, a integridade ou liberdade das mulleres. No seu artigo 48 relativo á Rede galega de Acollida define os centros de acollida como recursos especializados residenciais e temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo, e que garantirán un tratamento integral de atención e/ou recuperación, que abrangue aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos e favoreza a normalización da situación persoal das mulleres, da súa unidade familiar e a superación dos efectos da violencia. Ademais, a Lei establece que os servizos do sistema de protección e asistencia integral serán de titularidade pública, municipal o autonómica, correspondéndolle a súa coordinación e supervisión á Administración da Xunta de Galicia.
- VIII Plan Estratégico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, que inclúe dentro da prioridade de actuación 8.3 *Asegurar a atención integral ás vítimas de violencia de xénero* a liña de acción 8.3.2 Mellora dos recursos de asistencia integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero e ás persoas ao seu cargo e garantía do seu acceso en contextos de emerxencia social (servizos de emerxencia, acollemento residencial, asistencia psicolóxica e xurídica,

programas de inclusión sociolaboral, etc.) e a liña de actuación 8.3.7 Promoción de accións de colaboración con administracións, institucións e organizacións da sociedade civil para a mellora da coordinación e a atención ás vítimas de violencia de xénero.

- Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, que establece que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería con competencias en materia de igualdade, fomentará a coordinación e colaboración coas entidades locais en materia de sensibilización, prevención e atención integral en materia de violencia de xénero (art. 139.3.d).

Acreditación de centros:

- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que, nos artigos 12 e 13, establece que os servizos sociais comunitarios específicos desenvolverán programas e xestionarán centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e reincorporación social ou como espacio de tránsito a un servizo especializado, e que terán como función, entre outras, a atención directa a colectivos con déficits de autonomía o en risco de exclusión que se desenvolva a través de programas en medio aberto, en centros de carácter no residencial ou de carácter residencial temporal. Así mesmo, a Lei atribúe aos concellos a competencia para a creación, xestión e mantemento dos servizos comunitarios específicos (artigo 60).
- Orde do 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos, que define os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos como aqueles establecementos destinados a acoller durante un período determinado de tempo ás mulleres e, se é o caso, acompañadas das súas fillas e fillos menores ou incapacitados, que se encontren inmersas nunha problemática grave de malos tratos domésticos, inferidos polo cónxuxe ou persoa coa que manteña análoga relación de afectividade. A existencia de centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos ten como obxectivo, por unha banda, denunciar publicamente a violencia de que é obxecto en numerosos casos a muller dentro do seo do fogar familiar, concibindo a dita problemática como unha grave lacra social, e por outra dun modo prioritario, atendelas necesidades individuais das afectadas e as súas fillas e fillos menores ou incapacitados.
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais en Galicia, que ten por obxecto a regulación do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, e o réxime de autorización, acreditación e inspección de servizos sociais.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

Normativa municipal:

- IV Plan de Igualdade do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o día 25 de novembro de 2009 e vixente na actualidade por acordo da Xunta de Goberno Local do día 25 de xaneiro de 2013, que contempla entre os seus obxectivos específicos: 4.A. *Garantir e mellorar a atención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero*, e entre as actuacións a poñer en marcha: 4.A.9. *Potenciación e incremento dos recursos específicos de atención e axuda ás mulleres vítimas de violencia*.
- Resolución de Alcaldía de data 30 de xuño de 2023 de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística (BOPPO núm. 136 de 14 de xullo de 2023), que delega na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, en materia de igualdade, entre outras, as seguintes atribucións:
 - Xestionar e promover servizos de información, atención e acollemento ás mulleres vítimas de violencia de xénero e fillos e fillas menores ao seu cargo.
 - Relacións co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o seguimento e coordinación da xestión que ese organismo realiza do Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero de Vigo.
 - Cooperar con outras institucións públicas ou privadas que desenvolvan actividades e programas relacionados coas competencias delegadas en materia de igualdade.

Polo devandito, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente, e previos os preceptivos informes xurídico e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar a segunda prórroga, dun ano de duración, do Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Vigo para o desenvolvemento da xestión do Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero (CEMVI), que abrangue desde o 2 de outubro de 2024 ata o 1 de outubro de 2025 (ambos incluídos).

2º.- Aprobar a autorización do gasto de 241.000 € para facer fronte ao pago da segunda prórroga do convenio. O devandito gasto farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria “*Convenio Cons. Galego Igual. B.S Centro Emerxencia*” 2311 4539000 do orzamento vixente do Servizo de Igualdade e do futuro exercicio 2025, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento

futuro do Servizo de Igualdade, desglosado do seguinte xeito: 60.086,02 € para o vixente exercicio económico e 180.913,98 € para o futuro exercicio 2025.

3º.- Publicar este acordo no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo ”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(486).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “REMODELACIÓN DO INTERIOR DO CUARTEIRÓN NO 13 DO CEMITERIO DE PEREIRÓ PARA O DEPÓSITO DE CINZAS”. EXPTE. 1923/441.

Visto o informe xurídico do 20/06/2024 e o informe de fiscalización do 24/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/06/2024, asinado pola técnica de xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- Por parte do Departamento de Cemiterios, remítese proxecto básico e de execución para “REMODELACIÓN DO INTERIOR DO CUARTEIRÓN No 13 DO CEMITERIO DE PEREIRÓ PARA O DEPÓSITO DE CINZAS”, redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luís Piñeiro Ferradás, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CORENTA E NOVE MIL TRESCENTOS CORENTA E SEIS EUROS CON VINTE E DOUS CÉNTIMOS (149.346,22 €).

II.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 02.02.2023, en vista do informe-proposta do Técnico de Administración Xeral da Área de Fomento, e da delegación da Alcaldía-Presidencia de datas 18.06.2019 e 26.06.2019 na Concellería de Fomento da xestión e tramitación dos expedientes de contratación administrativa de obra pública municipal e da xestión e tramitación dos expedientes de redacción de proxectos de forma directa, ou a través de expedientes de contratación administrativa para a execución da obra pública, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 23.08.2023, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 09.11.2023, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 17.11.2023 aprobou o proxecto básico e de execución para a “REMODELACIÓN DO INTERIOR DO CUARTEIRÓN N° 13 DO CEMITERIO DE PEREIRÓ PARA O DEPÓSITO DE CINZAS”, subscrito polos Arquitectos Municipais, D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luís Piñeiro Ferradas, adscritos a Xerencia de Urbanismo, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CORENTA E NOVE MIL TRESCENTOS CORENTA E SEIS EUROS CON VINTE E DOUS CÉNTIMOS (149.346,22 euros), e sinatura dixital de datas 22 e 23 de agosto de 2023. (Expte. 5899-



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

443).

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 17.11.2023 que se corresponde co expediente administrativo 5899-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polos Arquitectos Municipais, D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luís Piñeiro Ferradas.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas de data 19.03.2024.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 19.03.2024.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, pola Concelleira delegada de medio Ambiente e polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 22.03.2024.
- E) Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 03.04.2024.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe da Área de Servizos Xerais en data 24.04.2024.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 7 e 8 de maio de 2024.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 30.05.2024.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 30.05.2024.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos

os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 23.08.2023) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **REMODELACIÓN DO INTERIOR DO CUARTEIRÓN Nº 13 DO CEMITERIO DE PEREIRÓ PARA O DEPÓSITO DE CINZAS**", redactado polos Arquitectos Municipais, D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luís Piñeiro Ferradas

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 30.05.2024.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CENTO CORENTA E NOVE MIL TRESCENTOS CORENTA E SEIS EUROS CON VINTE E DOUS CÉNTIMOS (149.346,22 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 25.919,59 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1640.6210000 (PROXECTO DE PANTALLA VEXETAL EN CAMIÑOS), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2024	50.000,00 €
2025	99.346,22 €

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 198,69 %.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(487).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DE ITINERARIO PEONIL NA RÚA ROUPEIRO-MATAMÁ”. EXPTE. 1891/441.

Visto o informe xurídico do 13/06/2024 e o informe de fiscalización do 14/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/05/2024, asinado pola técnica de xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- Por parte do Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canles e Portos, D. Juan Manuel Sánchez redáctase proxecto de “MELLORA DE ITINERARIO PEONIL NA RÚA ROUPEIRO - MATAMÁ”, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 25.09.2020 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

II.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 28.02.2023, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 21.03.2023, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31.03.2023 aprobou o proxecto de de obras de “MELLORA DE ITINERARIO PEONIL NA RÚA ROUPEIRO - MATAMÁ”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Juan Manuel Sánchez González, cun orzamento base de licitación máis IVE de CIENTO TRINTA E SEIS MIL CATROCENTOS SESENTA E UN EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (136.461,63 €), e asinado dixital en data 20 de febreiro de 2023. (Expte. 4822-443).

III.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 31.03.2023 que se corresponde co expediente administrativo 4822-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Juan Manuel Sánchez González, de data febreiro de 2023.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas de data 09.02.2024.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 09.02.2024.

- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 28.02.2024.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 05.03.2024.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 06.03.2024.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 18.03.2024.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 23.04.2024.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos- PA, a técnica de Administración Xeral- con data 21.05.2024.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 28.02.2023) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“MELLORA DE ITINERARIO PEONIL NA RÚA ROUPEIRO - MATAMÁ”**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Juan Manuel Sánchez González

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos- PA, a técnica de Administración Xeral- con data 21.05.2024.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CENTO TRINTA E SEIS MIL CATROCENTOS SESENTA E UN EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (136.461,63 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 23.683,42 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación 1532.609.00.02 (CONSTRUCCION BEIRARRÚAS NA RÚA ROUPEIRO, segundo a seguinte distribución de anualidades:

2024	136.461,63 €
------	--------------

Cuarto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(488).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “MELLORA DO ASCENSOR INCLINADO SITO NA RÚA JUAN RAMÓN JIMENEZ, ENTRE MENÉNDEZ PELAYO E CAMELIAS, NO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 1888/441.

Visto o informe xurídico do 10/05/2024 e o informe de fiscalización do 25/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/04/2024, asinado pola técnica de xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 19.01.2023 resolveu autorizar o gasto e adxudicar o contrato menor para a redacción do proxecto para a mellora do ascensor inclinado situado na Rúa Juan Ramón Jimenez, entre Menéndez Pelayo e Camelias a favor da mercantil EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA S.L.

II.- Pola empresa EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L., presenta trala fase de supervisión, proxecto de “MELLORA DO ASCENSOR INCLINADO SITO NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE MENÉNDEZ PELAYO E CAMELIAS, NO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo Graduado en Enxeñería Industrial Mecánica D. Rubén Eduardo Otero González, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS NOVE MIL ONCE EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (209.011,04 €).

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 07.09.2023, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 12.09.2023, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 22.09.2023 aprobou o proxecto de obras de “MELLORA DO ASCENSOR INCLINADO SITO NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE MENÉNDEZ PELAYO E CAMELIAS, NO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo graduado en Enxeñería Industrial Mecánica D. Rubén Eduardo Otero González, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS NOVE MIL ONCE EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (209.011,04 €) e asinado dixitalmente en data 6 de setembro de 2023. (Expte. 6147-443).

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 22.09.2023 que se corresponde co expediente administrativo 6147-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo graduado en Enxeñería Industrial Mecánica D. Rubén Eduardo Otero González.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 7 de febreiro de 2024.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 7 de febreiro de 2024.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 9 de febreiro de 2024.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 13 de febreiro de 2024.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas de data 5 de marzo de 2024.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 5 de abril de 2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 24 de abril de 2024.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 24 de abril de 2024.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 07.03.2023) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de MELLORA DO ASCENSOR INCLINADO SITO NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE MENÉNDEZ PELAYO E CAMELIAS, NO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo Graduado en Enxeñería Industrial Mecánica D. Rubén Eduardo Otero González.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 24.04.2024.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **DOUSCENTOS NOVE MIL ONCE EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (209.011,04 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 36.274,64 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1539.619.00.02 (MELLORA NO ASCENSOR INCLINADO ENTRE M.PELAYO E CAMELIAS), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2024	209.011,04 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Proposta de aprobación do Nadal 2024-2025. Expte. 10315 /106.
- .- Proposta de adxudicación da contratación da actuación artística de “Luis Fonsi” dentro do programa de espectáculos de verán de “Vigo en Festas 2024”. Expte. 10153/335.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

- .- Proposta de continuidade na prestación dos servizos do contrato integral de comunicacións do Concello de Vigo. Expte. 8685/113.
- .- Aprobación inicial do proxecto de reparcelación do polígono 1 do plan parcial de San Paio de Navia. Expte. 5314/401.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

15(489).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO NADAL 2024-2025. EXPTE. 10315 /106.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 25/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado polo enxeñeiro municipal adscrito ao servizo de Comercio e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

A) OBXECTIVOS

A creación de espazos temáticos de Nadal ambientados con iluminación decorativa, ornamentación, exposicións e actividades de ocio e comerciais constitúe un pilar fundamental do Nadal olívico, baseado na mestura de tradición, socialización e reactivación da economía local, que estende o seu impacto á área metropolitana da cidade e norte de Portugal, na procura dos seguintes obxectivos:

Obxectivo 1.- Promover unha oferta sociocultural desestacionalizada de inverno de calidade para a cidadanía que manteña a Vigo nun centro de referencia de ocio e traslade ao exterior unha imaxe de cidade moderna, dinámica e participativa, así como un lugar de referencia de celebración de grandes eventos.

Obxectivo 2.- Acadar accións transformadoras do municipio a través da programación de actividades socioculturais de Nadal xeradoras de espazos de convivencia de especial atractivo comercial e turístico que contribúan á difusión da nosa identidade social, cultural e histórica.

Obxectivo 3.- Favorecer a cooperación entre o sector público e privado e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades de animación sociocultural nas festas tradicionais do nadal que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal coa fin de apoiar e fortalecer o tecido social e económico local.

Obxectivo 4.- Fomentar unha cidadanía participativa e transformadora da súa contorna, implicada na mellora da súa calidade de vida e cohesión social do municipio.

Obxectivo 5.- Impulsar un maior posicionamento da marca Vigo reforzando a súa identidade corporativa en termos de calidade e imaxe de marca, posibilitando un maior emprendemento e economía de escala.

Obxectivo 6.- Fomentar acontecementos que promovan a manifestación de valores culturais, sociais e de espazos para a convivencia lúdica e de recreación na tradición popular do Nadal entre a cidadanía, con especial consideración as súas características etnolóxicas e de especial atractivo comercial e turístico.

B) ACTUACIONES DE MELLORA REALIZADAS EN ANOS ANTERIORES

Tendo en conta a experiencia do Concello de Vigo en pasadas edicións da Campaña de Nadal, e a súa intención de mellora continua desta, e atendendo ás diversas suxestións e queixas da cidadanía, este Concello ven adoptando unha serie de medidas correctoras (diminución contaminación acústica, mellora da mobilidade...), algunhas delas implementadas xa en campañas anteriores e propoñendo as seguintes para a Campaña 2024-2025:

1.- *Redución do horario de funcionamento das atraccións recreativas.*

2.- *Non prórroga da instalación das atraccións recreativas do expediente 7897/106 na rúa Rosalía de Castro-Areal II.*

3.- *Non prórroga da instalación da pista de xeo do expediente 8954/106 na Praza de Portugal.*

4.- *Retirada das atraccións mecánicas recreativas máis ruidosas situadas na rúa Areal (entre rúa Colón e rúa Pontevedra) e na Praza de Compostela.*

5.- *Redución do número de atraccións de alta capacidade.*

6.- *Traslado do "Carrusel Veneciano", situado na rúa Concepción Areal (liberando este espazo) e reubicación deste na rúa Areal.*

7.- *Instalación de novas atraccións recreativas e exposicións didácticas destinadas ao público infantil en detrimento das destinadas a uso familiar a fin de diminuír a contaminación acústica.*

8.- *Traslado das colas da nora xigante, recolóndose estas en paralelo aos xardíns de Eijo Garay, eliminando as colas na rúa Colón.*

9.- *Prohibición de empregar dispositivos e mecanismos emisores de ruídos (altofalantes, bucinas, etc...) nas atraccións.*

10.- *Potenciación de sistemas de información visual e/ou sonora que permiten adecuar o volume dos anuncios informativos aos niveis permitidos de emisión sónica para os avisos de inicio e fin das viaxes das atraccións recreativas.*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

- 11.- *Supresión da música ambiente de rúas na contorna da rúa Areal, mantendo a instalación dos equipos para a emisión de anuncios informativos por motivos de seguridade.*
- 11.- *Baixada do volume da música ambiente en todas as rúas nas que se atopa instalada para o cumprimento da Ordenanza municipal de ruídos.*
12. *Redución do horario de funcionamento da música ambiente en todas as rúas na que se atopa instalada.*
13. *Liberación de espazo na Praza de Compostela de casetas do mercadillo do Nadal a fin de facilitar a mobilidade na contorna da nora.*
- 14.- *Supresión do escenario de concertos que se viñan instalando na Praza de Compostela.*
- 15.- *Limitación do volume do fío musical do mercadillo localizado no interior da Praza de Compostela e orientación dos equipos de son e música ambiente, dirixindo o son cara o centro da Praza de Compostela.*
- 16.- *Non autorizar a iluminación do arboredo catalogado da Praza de Compostela, iluminando unicamente o resto do arboredo.*

En base ao exposto e co fin de realizar unha axeitada planificación da programación do Nadal, este Centro Xestor de Comercio considera conveniente realizar a seguinte proposta:

C) PROPOSTA DE PROGRAMACIÓN CAMPAÑA DO NADAL 2024-2025

1.- ILUMINACIÓN DECORATIVA E ARTÍSTICA (expte 9274/106):

Composto por 420 ud de rúas e prazas iluminadas cunha cifra superior a 11,5 millóns de puntos de luz led, que se relacionan no PPT do contrato pendente de licitación, e síntese seguinte:

- * *Arcos ornamentais: 1.259 ud.*
- * *Motivos ornamentais: 2.674 ud.*
- * *Iluminación en árbores naturais en distintas rúas da cidade: 2.518 ud.*
- * *Conxunto de elementos para ornamentación mercados de abastos, paraguas en prazas, rotondas, cruces de rúas, pérgolas, elementos escultóricos, rótulos Bo Nadal, edificios municipais (Casa Galega da Cultura, Casa das Artes), elementos de gran porte transitables, etc.*
- * *Árbore xigante de Nadal, sobre plataforma base escalitanata frontal enmoquetada (2,40 mts. máis alto que ao ano anterior).*
- * *Elementos lumínicos 3 D (3 mts. alto aprox.) en distintas rúas da cidade: 15 ud.*
- * *Espectáculo de luz e son da Árbore Xigante de Nadal.*

** Producción técnica con equipo de luz, son e pantalla xigante para os actos de acendido e apagado.*

Horario:

Acendido: Todos os días ás 18:00 h.

Apagado:

- De domingo a mércores: Ás 01:00 h
- De xoves a sábado, e vésperas de festivos e festivos: Ás 04:00 h
- Nas noites do 23, 24, 25, 30, 31 de decembro e nas noites do 1, 5 e 6 de xaneiro, permanecerá acendido todas as noites ata ao amencer.

Estas datas e horarios poderanse alterar puntualmente dependendo das necesidades do Servizo de Comercio.

2.- ORNAMENTACIÓN CON ELEMENTOS FIGURATIVOS LUMÍNICOS (expte 8586/106):

A síntese do contido conforme ao proxectos decorativos presentados en prazo inclúen:

* **Lote nº 1.- Trece sets decorativos** de Nadal con elementos vexetais efímeros e outros figurativos de estrutura de madeira, fibra de vidro, resina epoxi, con base enmoquetada, descritos no proxecto decorativo a instalar nas rúas P. Sanz, Príncipe, Eduardo Iglesias, G. Barbón, Elduayen e Barrio Histórico.

Horario:

Exposición permanente durante toda a campaña de Nadal.

* **Lote nº 2.- Seis instalacións figurativas** e decorativas lumínicas xeométricas transitables de gran porte identificadas no proxecto decorativo, subministro, montaxe, desmonte e mantemento, a instalar na rúa P. Sanz, Gran Vía, García Barbón da instalación na zona centro da cidade.

* **Lote nº 3.- Doce instalacións decorativas** lumínicas non transitables de porte medio identificadas no proxecto decorativo, subministro, montaxe, desmonte e mantemento da instalación, a instalar nas rúas Príncipe, P. Sanz, Vía Norte, Urzáiz e García Barbón.

Horario lote nº 2 e 3:

Exposición permanente durante toda a campaña de Nadal, e iluminación o seguinte horario:

Acendido: Todos os días ás 18:00 h.

Apagado:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

- De domingo a mércores: Ás 01:00 h
- De xoves a sábado, e vésperas de festivos e festivos: Ás 04:00 h
- Nas noites do 23, 24, 25, 30, 31 de decembro e nas noites do 1, 5 e 6 de xaneiro, permanecerá acendido todas as noites ata ao amencer.

Estas datas e horarios poderanse alterar puntualmente dependendo das necesidades do servizo de Comercio.

3.- EXPOSICIÓN BELEN MONUMENTAL (expte 10070/106)

Con grande aceptación entre a cidadanía desde o seu inicio na Campaña 2017-2018. Os resultados recollidos superaron con creces as expectativas previstas, achegándose ao medio millón de visitantes.

Localización: Casa das Artes

* A síntese do contido do proxecto expositivo unido ao expediente e presentado en prazo, inclúe:

- Belén Monumental.
- Belén infantil.
- Zona de exposición fotográfica.
- Zona de exposición de escenas individuais.
- Zona de photocall.

Zona de control de satisfacción.

- Data de inauguración prevista da exposición: 2^a quincena de novembro de 2024.
- Periodo expositivo: 2^a quincena de novembro a 1^a quincena de xaneiro.

Os horarios da exposición serán os seguintes:

De luns a xoves: de 17:00 h a 21:30 h.

Venres: de 10:00 h a 14:00 h e de 17:00h a 21:30h

Sábados, domingos e festivos: de 11:00h a 21:30h.

Días especiais: 5, 7, 23, 24 e 30 e 31 de decembro e 5 de xaneiro: de 12:00h a 19:00 h; días 25 de decembro, 1 e 6 de xaneiro de 17,00 a 21,30 h.

Visitas Guiadas: segunda semana de decembro de 10 h a 14 h, visitas guiadas de 30 minutos, dirixidas aos centros educativos e centros sociais de maiores, cun máximo de 30 persoas por quenda, previamente concertadas, e cun mínimo de 40 quendas. As visitas fixaranse segundo a orde de presentación da solicitudes a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo. As peticións deberán vir dirixidas ao Servizo de Comercio.

Estas datas e horarios poderanse alterar puntualmente dependendo das necesidades do Servizo de Comercio.

4.- MEGAFONÍA DE AMBIENTE MUSICAL EN ZONAS COMERCIAIS (expte 7819/106)

Ámbito territorial de actuación:

ZONA 1: Paseo de Alfonso, rúa Elduayen, Porta do Sol, Praza da Princesa, Praza da Constitución, rúa Triunfo, Praza da Pedra, rúa Príncipe, rúa Eduardo Iglesias, rúa Velázquez Moreno, rúa Carral, rúa Policarpo Sanz e rúa Colón.

ZONA 2: rúa Camelias, rúa Pi y Margall, rúa López Mora e rúa Torrecedeira.

ZONA 3: rúa Gran Vía e rúa Venezuela.

ZONA 4: rúa Urzáiz, rúa Pizarro, rúa Condesa Casa Barcena e rúa Honduras.

ZONA 5: rúa Areal, rúa Colón, rúa Rosalía de Castro e García Barbón.

ZONA 6: (Navia) rúa Teixugueiras.

ZONA 7: (Bouzas), Praza Urzáiz, Praza Suárez Llanos, Praza M. de Santos, rúa Paulino Freire, rúa Pescadores e rúa Eduardo Cabello.

ZONA 8: (Teis) rúa Sanjurjo Badía, contorna mercado de Teis e rúa Pedro Alvarado.

ZONA 9: (Castrelos): Avenida Alcalde Portanet e Avenida Castrelos

Horario:

- Venres, sábados e vésperas de festivos: De 11:00 h a 14:00 h e de 17:00 h a 21:00h.

- Días restantes, domingos e festivos: De 18:00 h a 20:30 h.

As datas, os horarios e as rúas poderanse alterar puntualmente dependendo das necesidades do Servizo de Comercio.

5.- OCUPACIÓN DEMANIALS CON MERCADOS TEMÁTICOS DE NADAL E ATRACCIÓN RECREATIVAS XESTIONADAS POR ENTIDADES PRIVADAS

Atendendo ás autorizacións administrativas de ocupación demanial para a xestión e aproveitamento dos seguintes emprazamentos con atraccións recreativas e outras actividades en vigor:

5.1.- Cíes Market": mercadillo temático de Nadal e atraccións recreativas (Expte 7815/106):

Localización: A desenvolver nos espazos abertos ao público da contorna da Praza de Compostela, con instalacións portátiles desmontables e atraccións recreativas a colocar na rúa Areal e nos xardíns Eijo Garay.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

Mercadillo (Praza de Compostela):

- * *Casetas prefabricadas de venda ambulante decoradas con temática do Nadal.*
- * *Carriños móbiles adicados a venda de perritos e chucherías decorados con temática do Nadal.*
- * *Pérgola de madeira decorada e iluminada con temática do Nadal en todo o teito do mercadillo.*
- * *Máquinas de neve artificial e son que se instalarán na pérgola.*
- * *Máquinas de vending decoradas con temática do Nadal.*

Atraccións (rúa Concepción Areal, Xardíns Eijo Garay e rúa Areal- entre rúa Colón e rúa Pontevedra):

- *Nora xigante*
- *Baby volador cadenas.*
- *Tiovivo-carrusel.*
- *Jumping.*
- *Camas elásticas.*
- *Tren infantil.*
- *Espectáculo.*
- *Mini nora infantil.*
- *Barquito pirata.*
- *Caseta de xogos de destreza.*
- *Caseta de pesca de patos.*
- *Remolque/caseta de algodón doce e chucherías.*

Tren turístico:

- * *Tren turístico facendo un percorrido pola zona centro da cidade.*

Servizos hixiénicos:

- * *Servizos hixiénicos sanitarios para dar servizo a todo o ámbito.*

Horario:

- Laborables: Apertura ás 17:00 h, peche ás 22:30 h a excepción do 21 de decembro ao 16 de xaneiro (período vacacións de Nadal) peche ás 23:00 h
- Venres, sábados e vésperas de festivo, apertura as 11:00 h, peche ás 00:30 h

- Domingos e Festivos: Apertura ás 11:00 h, peche ás 23:30 h
- Días 24 e 31 de decembro, apertura ás 11:00 h, peche ás 20:00 h e 5 de xaneiro apertura ás 11:00 H, peche ás 22:00 h.

Estas datas e horarios poderanse alterar puntualmente dependendo das necesidades do Servizo de Comercio.

5.2.- Mercado temático de Nadal no Calvario (expte 10159/106)

O mercado localizarase e desenvolverase na contorna peonil da rúa Urzáiz no Calvario e comprenderá a instalación de elementos portátiles, desmontables na vía pública, para actividades recreativas, venda ambulante e restauración ocasional.

A tal fin, e conforme ao proxecto que a empresa adxudicataria achegou ao expediente en prazo, que inclúe :

- * *Casetas prefabricadas de venda ambulante decoradas con temática do Nadal.*
- * *2 ud. de atracciones e actividades recreativas de animación infantil.*
- * *Programación de actividades de animación de rúa.*
- **Servizos hixiénicos sanitarios, limpeza, mantemento e seguridade da zona.*

Horario:

- Laborables: Apertura ás 17:00 h, peche ás 22:30 h a excepción do 21 de decembro ao 16 de xaneiro (período vacacións de Nadal) peche ás 23:00 h
- Venres, sábados e vésperas de festivo, apertura as 11:00 h, peche ás 00:30 h
- Domingos e Festivos: Apertura ás 11:00 h, peche ás 23:30 h
- Días 24 e 31 de decembro, apertura ás 11:00 h, peche ás 20:00 h e 5 de xaneiro apertura ás 11:00 H, peche ás 22:00 h.

Estas datas e horarios poderanse alterar puntualmente dependendo das necesidades do Servizo de Comercio.

5.3.- Outros espazos e actividades (Expte 7897/106 e 8954/106):

		Expte vinculado	Lugar
Atraccións recreativas	Carrusel clásico	10163/106	Porta do Sol
	Pista de xeo	10173/106	Aparcamento de Samil
	Pista de kart	10160/106	Aparcamento de Samil
	Tren turístico-1	10162/106	Percorrido centro cidade
	Tren turístico-2	10161/106	Percorrido Zona Travesas



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

	Pista de coches de choque	10172/106	Explanada Náutico
Espectáculos	Circo de Nadal e actividade complementaria	10174/106	<i>Praza Mestre Prudencio Rodríguez, Coia</i>

Horario:

- Laborables: Apertura ás 17:00 h, peche ás 22:30 h a excepción do 21 de decembro ao 16 de xaneiro (período vacacións de Nadal) peche ás 23:00 h
- Venres, sábados e vésperas de festivo, apertura as 11:00 h, peche ás 00:30 h
- Domingos e Festivos: Apertura ás 11:00 h, peche ás 23:30 h
- Días 24 e 31 de decembro, apertura ás 11:00 h, peche ás 20:00 h e 5 de xaneiro apertura ás 11:00 H, peche ás 22:00 h.

Estas datas e horarios poderanse alterar puntualmente dependendo das necesidades do Servizo de Comercio.

5.4.- Novos espazos ao aire libre con atraccións e actividades recreativas

Tras quedar desertos na pasada campaña as licitacións de diversos espazos abertos ao público con instalacións portátiles e/ou desmontables, propónse ampliar novamente a programación destes espazos coa incorporación de novos proxectos de actividades recreativas ocasionais preferiblemente de carácter innovador coa temática de nadal (espectáculos de inverno, atraccións 3D, mercadillo do Nadal e actividades de animación do Nadal).

O Concello promoverá o procedemento administrativo mediante a oportuna licitación da licenza/autorización conxunta ou individual de ocupación de dominio público en réxime de concorrencia pública.

5.4.1 Mercado temático do Nadal na Alameda Suárez Llanos (Bouzas)

O mercado desenvolverase na Alameda Suárez Llanos e comprenderá a instalación de elementos portátiles, desmontables na praza, para actividades recreativas, venda ambulante e restauración ocasional. Incluirá:

** Casetas prefabricadas con acabado e decoración temática do Nadal formando un mercadillo do Nadal.*

Horario:

- Laborables: Apertura ás 17:00 h, peche ás 22:30 h a excepción do 21 de decembro ao 16 de xaneiro (período vacacións de Nadal) peche ás 23:00 h
- Venres, sábados e vésperas de festivo, apertura as 11:00 h, peche ás 00:30 h
- Domingos e Festivos: Apertura ás 11:00 h, peche ás 23:30 h
- Días 24 e 31 de decembro, apertura ás 11:00 h, peche ás 20:00 h e 5 de xaneiro apertura ás 11:00 H, peche ás 22:00 h.

Estas datas e horarios poderanse alterar puntualmente dependendo das necesidades do Servizo de Comercio.

5.4.2. Pista de xeo, tiovivo de estilo clásico e casetas do Nadal na Praza C C Vialia.

Localización: A desenvolver no espazo aberto ao público da Praza do C C Vialia. Incluirá:

**Pista de xeo con dúas zonas diferenciadas: infantil e adulto.*

** 3 casetas prefabricadas de venda ambulante con acabado e decoración temática do Nadal.*

** Tiovivo de estilo clásico.*

Horario:

- Laborables: Apertura ás 17:00 h, peche ás 22:30 h a excepción do 21 de decembro ao 16 de xaneiro (período vacacións de Nadal) peche ás 23:00 h
- Venres, sábados e vésperas de festivo, apertura as 11:00 h, peche ás 00:30 h
- Domingos e Festivos: Apertura ás 11:00 h, peche ás 23:30 h
- Días 24 e 31 de decembro, apertura ás 11:00 h, peche ás 20:00 h e 5 de xaneiro apertura ás 11:00 H, peche ás 22:00 h.

Estas datas e horarios poderanse alterar puntualmente dependendo das necesidades do Servizo de Comercio.

6.- OUTRAS ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN DO NADAL

Obxectivo: Consiste nunha programación de actos institucionais de apertura e peche do Nadal, así como actividades de animación sociocultural dirixidas á dinamización comercial e participación da cidadanía.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

Lugar: Porta do Sol e principais zonas comerciais.

Público obxectivo: Poboación en xeral.

Tarefas e accións: O desenvolvemento do programa concrétase no deseño, difusión, execución e seguimento de diversas accións e actividades que se detallan a continuación:

6.1.- Acto de acendido e apagado das luces

Localización: Porta do Sol

Data prevista do acto de acendido: 2ª quincena de novembro de 2023

Data prevista do acto de apagado: 1ª quincena de xaneiro de 2024.

Retransmisión en directo mediante streaming, pantalla xigante destinada ao público asistente, con desenvolvemento de efectos especiais.

6.2.- Casa de Papá Noel e Carteiro Real (exp. 9933/106. Lote 1)

Organización e contratación da prestación de servizo de atrezzo e personaxes, localizada na caseta ambientada no Nadal na rúa Policarpo Sanz, dende o 23/11/2024 ao 04/01/2025

Horario: diario, en todo o período de 17:00 a 21:00 h, e, a maiores, os sábados, domingos e festivos, de 11:00 a 14:00 h.

6.3.- Visitas de Papá Noel e Carteiro Real ás zonas comerciais (exp. 9933/106. Lote 2)

Selección e posterior organización e contratación de visitas a zonas comerciais dende o 15/12/2024 ao 04/01/2024.

Os percorridos previstos a realizar, e que poderán ser sometidos a cambios en funcións das necesidades do Servizo, serán os seguintes:

Día	Mes	HORARIO	UBICACIÓN	ACTIVIDADE
14	Decembro	17:00 A 18:15	BALAÍDOS	PAPA NOEL
14	Decembro	18:30 A 20:00	ACEMTO	PAPA NOEL
16	Decembro	17:00 A 18:15	TRAVESAS (Praza do Emigrante)	PAPA NOEL
16	Decembro	18:30 A 20:00	CALVARIO	PAPA NOEL
17	Decembro	17:00 A 18:15	ENTORNO XERAL	PAPA NOEL

17	Decembro	18:30 A 20:00	TRAVESÍA DE VIGO	PAPA NOEL
18	Decembro	17:00 A 18:15	TEIS	PAPA NOEL
18	Decembro	18:30 A 20:00	BOUZAS	PAPA NOEL
19	Decembro	17:00 A 18:15	ACEMTO	PAPA NOEL
19	Decembro	18:30 A 20:00	BALAÍDOS	PAPA NOEL
20	Decembro	17:00 A 18:15	COIA	PAPA NOEL
20	Decembro	18:30 A 20:00	TRAVESÍA DE VIGO	PAPA NOEL
21	Decembro	17:00 A 18:15	NAVIA	PAPA NOEL
21	Decembro	18:30 A 20:00	TEIS	PAPA NOEL
23	Decembro	17:00 A 18:15	TRAVESAS (Praza Emigrante)	PAPA NOEL
23	Decembro	18:30 A 20:00	CALVARIO	PAPA NOEL
26	Decembro	17:00 A 18:15	BALAÍDOS	CARTEIRO REAL
26	Decembro	18:30 A 20:00	ACEMTO	CARTEIRO REAL
27	Decembro	17:00 A 18:15	TRAVESAS (Praza Emigrante)	CARTEIRO REAL
27	Decembro	18:30 A 20:00	CALVARIO	CARTEIRO REAL
28	Decembro	17:00 A 18:15	COIA	CARTEIRO REAL
28	Decembro	18:30 A 20:00	TRAVESÍA DE VIGO	CARTEIRO REAL
30	Decembro	17:00 A 18:15	TEIS	CARTEIRO REAL
30	Decembro	18:30 A 20:00	NAVIA	CARTEIRO REAL
31	Decembro	17:00 A 18:15	ACEMTO	CARTEIRO REAL
31	Decembro	18:30 A 20:00	BALAÍDOS	CARTEIRO REAL
2	Xaneiro	17:00 A 18:15	ENTORNO XERAL	CARTEIRO REAL
2	Xaneiro	18:30 A 20:00	TRAVESÍA DE VIGO	CARTEIRO REAL
3	Xaneiro	17:00 A 18:15	BOUZAS	CARTEIRO REAL
3	Xaneiro	18:30 A 20:00	TEIS	CARTEIRO REAL
4	Decembro	17:00 A 18:15	TRAVESAS (Praza Emigrante)	CARTEIRO REAL
4	Xaneiro	18:30 A 20:00	CALVARIO	CARTEIRO REAL

6.4.- Actividades de animación de rúa en zonas comerciais.

Selección e posterior organización e contratación de actuacións de pequeno formato (co-raís, grupos folclóricos, pasarrúas de rondallas, bandas de gaitas, animacións infantís, eventos gastronómicos, etc..)

6.5.-Actividades de dinamización na zona centro da cidade



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

Lugares: Porta do Sol, rúa Policarpo Sanz, rúa Colón, Casa Galega da Cultura, lugares de culto e contorna destes espazos.

Preténdese a realización de concertos musicais de pequeno formato destinados ao público en xeral: orfeón de corais, concertos matinais de bandas de música, vocais, barroco, panxoliñas; proxeccións interactivas de luz e son e inmersivas sobre o chán ou fachada, etc.

D.- ESTUDO ACÚSTICO DAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS

En todas aquelas actividades onde se poidan xerar ruídos procedentes de altosfalantes, anuncios informativos, maquinaria e instalacións das atraccións recreativas e xogos infantís; as empresas adxudicatarias dos lotes afectados deberán presentar un estudo acústico previo a montaxe de tales equipos e instalacións susceptibles de emisión de ruídos molestos para a cidadanía ao obxecto de evitar o incumprimento da normativa vixente.

No caso de que o estudo acústico determine a imposibilidade do cumprimento da normativa de ruídos, a empresa adxudicataria deberá solicitar ao Servizo Xestor, ao amparo do artigo 9 da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído (tamén, o artigo 7 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia), a posibilidade de suspensión provisional dos obxectivos de calidade acústica, tendo en conta os seguintes requisitos e límites:

- Carácter de excepción e restritivo da aplicación do precepto.
- Con motivo da organización de actos de especial proxección oficial, cultural, relixiosa ou de natureza análoga cun espazo temporal corto.
- Medidas necesarias a adoptar e condicionantes para garantir a mínima incidencia acústica durante a suspensión provisional e temporal dos obxectivos de calidade acústica.
- Limitando os niveis sonoros de emisión durante o período de excepción.

Así mesmo, cómpre sinalar, tamén, que entre as posibles condicións ás que pode someterse a suspensión solicitada é a limitación de horario de funcionamento das instalacións. Lémbrese que segundo a OMRV os niveis de ruído máximo admisibles redúcense considerablemente a partir das 22:00 horas.

Non se poderá instalar ningún tipo de maquinaria, nin montar equipos ou instalacións que poidan xerar ruídos sin a xustificación e verificación previa do cumprimento da Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións do Concello de Vigo, ou se acorde a suspensión provisional dos obxectivos de calidade acústica.

E.- MEDIDAS COMPLEMENTARIAS

- Realización dun **estudo do tráfico de vehículos** que conteña a reordenación do mesmo en superficie co obxecto de facilitar a fluidez e tránsito dos residentes das zonas afectadas e en particular as persoas de mobilidade reducida
- **Seguir co control da contaminación acústica** nas zonas de influencia da programación do Nadal, ao obxecto de garantir o cumprimento da normativa de ruídos e a ordenanza municipal.
- Reubicación de **prazas afectadas para persoas con mobilidade reducida**.
- **Ampliar o espazo peonil actual** no ámbito da programación do Nadal, co obxecto de dotar dunha maior fluidez e en evitación da concentración de público e prevención de grandes aglomeracións,
- **Reforzar o servizo de limpeza e baleirado de papeleiras** e reubicación dos colectores das rúas de maior concentración, mobilidade e ornato, cara a espazos secundarios.
- **Reubicación ou retirada si procede, do mobiliario urbano** afectado pola Programación do Nadal.
- **Seguir coas medidas implantadas de protección sobre as zonas verdes e arboredo afectado**.
- **Mellorar a sinalética informativa (aparcamentos, primeiros auxilios e sentidos de circulación nos carrís peonís)**.
- **Reforzar o control policial, cos efectivos necesarios**, principalmente durante os días de gran afluencia.
- **Reforzar e habilitar as zonas de aparcamento**, con aparcamentos disuasorios e lanzadeiras de comunicación coas zonas do ámbito do Nadal.

Polo anteriormente exposto, elévase a Xunta de Goberno Local, como órgano competente para a aprobación do programa segundo Resolución da Alcaldía de data 20.06.2023 a seguinte proposta:

PRIMEIRO.- Aprobar a programación de Nadal 2024-2025.

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo na páxina web do Concello de Vigo.

TERCEIRO.- Dar traslado aos servizos municipais afectados coa proposta de programación de Nadal 2024-2025.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

16(490).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “LUIS FONSI” DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE “VIGO EN FESTAS 2024”. EXPTE. 10153/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 27/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 26/06/2024, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do espectáculo do artista "LUIS FONSI" (10153-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 7 de xuño de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “LUIS FONSI” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 23 de maio de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 4 de xuño de 2024, redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 245.630,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 203.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- O 10 de xuño de 2024 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a CATEGORICA PRODUCCIONES SL.

Terceiro.- O 20 de xuño de 2024 CATEGORICA PRODUCCIONES SL presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 21 de xuño de 2024, reuníronse a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como responsable do contrato, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación persoal. Á vista da documentación presentada, requiriuse ao licitador, para que no prazo de tres días, achegase a documentación detallada na acta do 21 de xuño de 2024 corrixida, ao abeiro do previsto na cláusula 14.3.

O 26 de xuño de 2024 reuníronse a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos xunto co xefe de oficina da Área de Contratación e Novos Proxectos por delegación da citada funcionaria de data 26 de xuño de 2024, para a cualificación da documentación presentada no prazo de emenda e, se procedese, a apertura do Sobre B.

A licitadora presenta en prazo a documentación requirida e a continuación procédese á cualificación da documentación administrativa. Comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 13.8.A) do PCAP, acordouse admitir a neste procedemento a CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L. e procedeuse á apertura da documentación económica contida no “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”, de conformidade coa cláusula 14.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación *“dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación”*.

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP *“Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración”*.

Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP e ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e b do apartado 1 do artigo 140 da LCSP consta no expediente presentada polo licitador e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2).

Constan no expediente os certificados acreditativos de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos ás actas do 21 e 26 de xuño de 2024 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do espectáculo do artista “Luis Fonsi” (10153-335) por un prezo total de 245.630 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 42.630 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(491).- PROPOSTA DE CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DO CONTRATO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8685/113.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta do 26/06/2024, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, a titular da asesoría xurídica e o interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto de servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo .
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto de servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo .
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 22 de marzo de 2019, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), aprobou o expediente de contratación do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo (expediente 8685-113), autorizou o gasto e acordou a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- En data 4 de xuño de 2019, a XGL acordou:

“Adxudicar á UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. o procedemento aberto para a contratación do servizo integrado de comunicacións do Concello de Vigo (8.685-113) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 2.088.567,68 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 362.478,69 euros.
- b) Propón os seguintes prezos unitarios:

Servizo	Custo anual sen IVE
Red Wan Corporativa	
Sede tipo A	3.469,20€
Sede tipo B	3.827,88€
Sede tipo C	2.903,04€
Sede tipo D	673,68€
Switches LAN acceso usuarios (2)	
Inferior a 24 portos	613,92€
24 portos	613,92€
48 portos	1.227,84€
Acceso a Internet Corporativo	
Ampliación 100 Mbps simétrico garantido	1.773,48€
Rede de voz fixa corporativa integrada (1)	

Servizo	Custo anual sen IVE
Terminal gama estándar	182,50€
Terminal gama avanzada	182,50€
Terminal gama avanzada ampliada	222,50€
Terminal gama operadora	602,50€

Rede móbil corporativa integrada	
Tarifas Planas (3)	
Tarifa plana de datos IoT	48€
Tarifa plana estándar	192€
Tarifa plana gran consumidor	300€
Tarifa plana especial	600€
Terminais (1)	
Terminal básico	29,00€
Terminal smartphone estándar gama media	192,00€
Terminal smartphone gama alta	596,00€
Seguridade MDM por terminal inscrito	32,40€
Servizo APN propio por terminal inscrito	0€
Bolsa para termináis móbiles (4)	26.896,50€
Servizos de comunicacións non integrados	
Liña RTB	161,28€
Acceso a internet < 30 Mbps asimétrico	326,16€
Acceso a internet 100 Mbps asimétrico	412,56€
Acceso a internet 100 Mbps simétrico	436,56€
Acceso a internet 300 Mbps asimétrico	448,56€
Acceso a internet 300 Mbps simétrico	472,56€



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

- c) Propón 2.024 horas anuais “in situ”.
- d) Propón as seguintes melloras:
 - CVF.3.1 Servizos avanzados de seguridade
 - CVF.3.2 Servizo de videoconferencia
 - CVF.3.3 Servizo de aloxamento web e xestión de dominios
 - CVF.3.4 Servizo de housing avanzado para sistema de respaldo e recuperación ante desastres

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

O prazo do contrato é de catro anos con unha prórroga dun ano de duración (apartados 4 A e D das FEC do PCAP).

O contrato formalizouse o 1 de xullo de 2019, comenzando a execución ese mesmo día. A data de remate prevista do contrato é o 30 de xuño de 2024.

Terceiro.- En data 1 de marzo de 2024, a XGL acordou aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria (expediente 10119-113), a autorización do gasto correspondente e a apertura do procedemento de licitación. O anuncio de licitación deste procedemento foi publicado o 6 de marzo de 2024 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Cuarto.- En data 2 de abril de 2024, por decreto da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal ampliouse o prazo de presentación de ofertas en nove días trala publicación de documentación en castelán solicitada polos licitadores.

Quinto.- Durante o prazo de licitación presentaron oferta os seguintes operadores económicos:

1. VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.
2. UTE Telefónica de España S.A.U. (80 %) - Telefónica Móviles España S.A.U. (19 %) - Telefónica IoT & Big Data Tech S.A.U. (1 %)

Todos eles resultaron admitidos neste procedemento.

Sexto.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de xuño de 2024 adxudicou a UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U., TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U. E TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U., o procedemento aberto para a contratación do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo (10119-113).

Este acordo foi notificado aos licitadores o mesmo día 14 de xuño de 2024 polo que o contrato non se pode formalizar ata como o día 8 de xullo de 2024.

Sétimo.- En data 20 de xullo de 2024, o técnico responsable de Seguridade Informática e o xefe do servizo de Administración Electrónica solicitan ao servizo de Contratación a tramitación da continuidade do contrato actualmente en vigor ata que se poda formalizar o novo contrato.

Oitavo.- Consta no expediente a conformidade do contratista a continuidade do contrato (documento nº W1123365-4978 de data 19 de xuño de 2024).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Réxime xurídico aplicable

Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC). Así, o contrato que nos ocupa, réxese polas seguintes normas:

-Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

-Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

-Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

-II-

Da finalización do prazo do contrato do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo (expediente 8685-113) con carácter previo á formalización do novo contrato que garanta a continuidade do servizo



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

O contrato do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo rematará o próximo 30 de xuño de 2024.

Con carácter previo á finalización deste contrato, aprobouse pola XGL o 1 de marzo de 2024, un novo expediente de contratación que abrangue as prestacións obxecto do mesmo (expediente 10119-113). No entanto por decreto da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal ampliouse o prazo de presentación de ofertas en nove días trala publicación de documentación en castelan solicitada polos licitadores.

Na actualidade, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de xuño de 2024 adxudicou a UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U., TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U. E TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U. o procedemento aberto para a contratación do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo (10119-113).

Este acordo foi notificado aos licitadores o mesmo día 14 de xuño de 2024 polo que o contrato polo que o prazo para presentar o recurso especial remata o día 5 de xullo de 2024.

O contrato non poderá formalizarse ata que finalice o prazo de 15 días hábiles de interposición do recurso especial en materia de contratación (artigo 153.3 LCSP), e ilo sempre que non sexa interposto durante este prazo o citado recurso por algún interesado. Suposto no que se demoraría a data de formalización, pois a impugnación do acto de adxudicación acarrega por imperativo legal a medida cautelar de suspensión do procedemento (artigo 53 LCSP).

Na actualidade, é imposible garantir a continuidade na prestación do servizo, pois o contrato en vigor remata antes que o prazo de interposición do recurso especial contra a adxudicación.

-III-

Necesidade da prestación dos servizos de de servizos das escolas infantís ata a adxudicación do novo contrato

O contrato que nos ocupa ten por obxecto diferentes prestacións necesarias para o funcionamento da administración municipal . Tal e como consta no informe de data 20 de xullo de 2024 do técnico responsable de Seguridade Informática e o xefe do servizo de Administración Electrónica, “O servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo é un servizo básico de carácter esencial para o normal funcionamento deste. A interrupción na prestación deste servizo ocasionaría un grave trastorno na normal operativa do Concello, do que dependen todas as áreas do Concello incluíndo os servizos de seguridade cidadá.”.

Desprendese do citado informe a necesidade de que se continúe coa prestación do servizo. Do contrario, ocasionaría un grave trastorno na normal operativa do

Concello, do que dependen todas as áreas do Concello incluíndo os servizos de seguridade cidadá .

-IV-

Medidas a adoptar para garantir a continuidade do servizo

Como expúxose no fundamento xurídico anterior, non é posible formalizar o novo contrato, o que impide garantir a continuidade sen interrupcións da prestación dos servizos obxecto deste contrato.

Esta circunstancia, tal e como se deduce da relación fáctica dos antecedentes, non é imputable a esta Administración, senón que se debe a ampliación do prazo de licitación pola solicitude de documentación por parte dos licitadores. En concreto solicitouse a esta Administración a publicación dos pregos que rexen esta licitación en castelán. Aínda que o idioma oficial desta Administración é o galego, dada a complexidade técnica do contrato que nos ocupa, optouse por publicar os pregos en castelán e outorgar un prazo adicional de 9 días aos licitadores para a presentación das súas ofertas.

Durante a tramitación dun expediente de contratación poden acontecer numerosas vicisitudes que retarden á mesma e impidan que un poder adxudicador dilixente, que tramite coa antelación suficiente como para garantir a continuidade na prestación dun servizo ou subministración, formalice o novo contrato no prazo previsto.

Para evitar os riscos e os graves prexuízos que carrexaría o non continuar coa prestación do servizo ata a formalización do contrato, período, que é incerto, e podería dilatarse no tempo en función das vicisitudes que acontezan, é necesario buscar unha solución.

A vixente normativa de contratación pública prevé para resolver casos como o que nos ocupa a posibilidade de prorrogar o contrato. Así, o artigo 29.4 in fine LCSP permite que ampliar o contrato en vigor se ao seu vencemento non estivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións obxecto do mesmo. Se ben a condiciona a concorrencia das seguintes circunstancias:

1. A non formalización en prazo do novo contrato deberá ser consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación.
2. Que existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato.
3. Que o anuncio de licitación do novo contrato fose publicado polo menos tres meses antes da data de finalización do contrato orixinal.

De concorrer estes requisitos permite ampliar o contrato en vigor condicionando ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- O contrato orixinal pódese ampliar ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, durante un período máximo de nove meses.
- Non deberán modificarse as restantes condicións do contrato.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

Ante a inminencia da finalización do prazo contractual sen terse formalizado, faise necesario adoptar unha medida que garanta a continuidade na prestación do servizo

É preciso, ademais, ter en conta que no presente caso concorren todas as circunstancias previstas polo artigo 29.4 LCSP para a aplicación desta medida:

1. A non formalización en prazo do novo contrato é consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación. Neste caso, a ampliación do prazo de presentación de ofertas.
2. Existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato xa que ocasionaría un grave trastorno na normal operativa do Concello, do que dependen todas as áreas do Concello incluíndo os servizos de seguridade cidadá .
3. O anuncio de licitación do novo contrato foi publicado con máis de tres meses de antelación á data de finalización do contrato orixinal. O contrato que nos ocupa finaliza o día 30 de xuño de 2024 o anuncio de licitación foi publicado no Diario Oficial da UE e no perfil de contratante do Concello de Vigo o día 6 de marzo de 2024.

Aplicando o artigo 29.4 LCSP ao caso que nos ocupa, podería autorizarse polo órgano de contratación a continuación do contrato pola empresa que actualmente presta o servizo, ata a formalización do contrato coa empresa adxudicataria do novo contrato.

-V-

Condicións da continuidade do servizo

Unha vez xustificada a necesidade de prestar o servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo, e garantir a continuidade na prestación do servizo, resta fixar as condicións nas que deberá producirse a mesma.

A prestación do servizo continuará nas mesmas condicións que durante a vixencia do contrato que agora remata, con excepción do relativo ao prazo, pois o contrario implicaría unha modificación contractual adoptada a marxe do procedemento fixado na lei.

Respecto ao prazo, as prestacións derivadas dos contratos continuarán executándose polo tempo imprescindible para a formalización e inicio do novo contrato. O informe do servizo xestor estima que como período máximo de continuidade do servizo sería de dous meses.

Consta, así mesmo, no expediente a conformidade do contratista a continuidade do contrato (documento nº W1123365-4978 de data 19 de xuño de 2024).

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e fiscalización da intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º-. A continuidade de prestación do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo, adxudicados a UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. o 4 de xuño de 2024, nas mesmas condicións ata a formalización do novo contrato.

2º-. Autorizar o gasto para a continuidade do contrato tramitado no expediente 8685-1132, para dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo desde o 1 de xullo de 2024 polo importe máximo de 87.023,65 euros IVE incluído, que se financiará con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 9200.2220000 (SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS).”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(492).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE REPARCELACIÓN DO POLÍGONO 1 DO PLAN PARCIAL DE SAN PAIO DE NAVIA. EXPTE. 5314/401.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o acordo do Consello da Xerencia municipal de Urbanismo de data 25/06/2024 sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/04/2024, asinado pola técnica de administración xeral, a xefa do Departamento de Desenvolvemento urbanístico e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Examinado o presente expediente, tramitado a iniciativa particular do Instituto Galego de Vivenda e Solo (en diante IGVS), e a vista da derradeira documentación técnica inserida no Rexistro electrónico desta XMU con data do 04.04.2024 (Doc. Núm. 240108417), documentación toda ela redactada pola sociedade Arquitectos Botana, SL, de data abril de 2024, asinada dixitalmente polo arquitecto director dos traballos A.B.C (colexiado núm. 2405), que anula e substitúe a anteriormente presentada, emítese o seguinte informe xurídico con proposta de acordo para o que resultan relevantes os seguintes,



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

I. ANTECEDENTES E FEITOS

I.I Con data do 29.07.2020 o Pleno do Excmo. Concello de Vigo acordou aprobar definitivamente a “2ª Modificación Puntual do Plan Parcial de San Paio de Navia”, instrumento urbanístico promovido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (Exp. Núm. 15666/411); A referida MP, foi publicada no DOG núm. 183 do 09.09.2020, Normativa e Ordenanzas no BOP núm. 212 do 03.11.2020, e inscrita no Rexistro de Planeamento de Galicia con data do 09.10.2020, co núm. RPG00064/2020, polo que ten acadado plena vixencia e executividade.

Pola súa banda, nesta administración procedeuse a apertura dos expedientes núm. 272/413 e núm. 278/413, trala comunicación remitida polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, correspondentes a diversos trámites relativos ao “Proxecto de expropiación por taxación conxunta, dos bens e dereitos que se precisen ocupar para a execución dos polígonos núm.1, 2, e 3 do Plan Parcial de San Paio de Navia”; Obran incorporados aos expedientes de referencia, os seguintes trámites/ actuacións administrativas: Publicación no Taboleiro de Edictos da XMU do proxecto expropiatorio, así como da convocatoria das datas para proceder o levantamento das actas de pagamento e ocupación dos bens e dereitos afectados ao radicar os mesmos neste termo municipal, certificación de fin de exposición pública, así como o acto de sinaturas de ditas actas, que tivo lugar nas dependencias do salón de actos do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo os días 24,25,26,27, 28 de xaneiro de 2022.

Con data do 31.03.2023 a Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria, acordou prestar aprobación con carácter definitivo ao «Proxecto de urbanización do Polígono 1 do Plan Parcial de San Paio de Navia» (Exp.5274/401).

I.II. Neste estado da tramitación, con data do 04.04.2024 tiña entrada no rexistro electrónico da XMU (Doc. Núm. 240108417), a través do SIR un oficio do IGVS ao que xunta documentación técnica corrixida tralo previo requirimento cursado por esta administración, consistente no “Proxecto de Reparcelación do polígono 1 do Plan Parcial de San Paio de Navia, documentación toda ela redactada pola sociedade Arquitectos Botana, SL, de data abril de 2024, e asinada dixitalmente polo arquitecto director dos traballos A.B.C (colexiado núm. 2405 do COAG).

I.III. Con data do 15.05.2024, a Concelleira delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda ditou Resolución de inicio do presente expediente, coa correspondente publicación da dita resolución para xeral coñecemento no Boletín Oficial da Provincia, na Sede electrónica do Concello de Vigo, así como na páxina web municipal.

Da amentada Resolución tomou coñecemento o Consello da XMU, na sesión ordinaria que tivo lugar en data 21.05.2024; En cumprimento do resolto, procedeuse á publicación do anuncio de inicio do expediente de reparcelación no BOP núm. 106 do 31.05.2024 e na web municipal.

I.IV. Elevada a antedita documentación técnica a arquitecta xefa do servizo de planeamento e xestión, con data do 29.04.2024, emite informe dende un punto de vista técnico, cuxo alcance se refire a referida documentación técnica presentada con data do 04.04.2024 (trámite 24 do expediente dixitalizado).

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO /VALORACIÓN XURÍDICA

II. I.- Normativa básica examinada

TRLS/2015 (RD Lex7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),

LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),

RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia),

LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),

LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),

Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D.Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),

PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,

- 2ª MP PP San Paio de Navia, publicada no DOG núm. 183 do 09.09.2020, Normativa e Ordenanzas no BOP núm. 212 do 03.11.2020, e inscrita no Rexistro de Planeamento de Galicia con data do 09.10.2020,

- O resto de disposicións que poidan afectar,

II.II- Ámbito, Obxecto e Resultado do proxectado

Na Memoria do proxecto achegado, reflíctese que, o presente proxecto de reparcelación do polígono 1 de San Paio de Navia, desenvolve un ámbito de 98.910 m² a executar en dúas etapas. Preténdese con esta actuación dar resposta á urxente necesidade de solo residencial da área urbana de Vigo.

A finalidade do proxecto achegado non é outra que a agrupación das parcelas de orixe, propiedade do IGVS e do Concello de Vigo (vías existentes no ámbito, parcela de equipamento e parcelas de zonas verdes) e subsecuentemente proceder a súa división conforme ao planeamento vixente, isto é a 2ª MP do Plan Parcial de San Paio de Navia, axustándose a reparcelación proposta ao xa previsto na dita MP, cumprindo as determinacións contidas nas ordenanzas do dito instrumento de planeamento.

Segundo o proxecto achegado, as parcelas de orixe acadan un total de 145, dunha superficie total de 98.910 m².

No que respecta as parcelas de resultado, divídense en dúas zonas e/ou fases, Fase A e Fase B, comprendendo ambas 168 parcelas de resultado; que se reparten do seguinte xeito:

- Parcela 1 a 155- que revisten o carácter de patrimoniais, adxudicadas en propiedade ao IGVS;



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

- Parcelas 156 a 168, titularidade do Concello de Vigo, sendo a parcela 156 a adicada a equipamento público, as parcelas 157 a 167 destinadas a zonas verdes públicas,
- e finalmente a Parcela 168 que se corresponde co novo viario do polígono.

CADRO RESUME DAS SUPERFICIES DE RESULTADO, que se recollen no proxecto presentado:

PARCELAS EDIFICABLES FASE A:	24466.31 M ²
PARCELAS EDIFICABLES FASE B:	19.973,78 M ²
ZONAS VERDES FASE A:	6.079,33 M ²
ZONAS VERDES FASE B:	8.212,88 M ²
PARCELA DE EQUIPAMENTO FASE B:	1.962,83 M ²
VIARIO TOTAL DO ÁMBITO;	38.216,29 M ²
TOTAL POLÍGONO 1:	98.911, 22 M ²

Neste apartado compre remitirnos ao informe emitido pola arquitecta xefa do servizo de planeamento e xestión en data 29.04.2024 que valida dito extremo, concluíndo que, a parcelación cumpre ás determinacións contidas nas ordenanzas da 2ª MP do PP de San Paio de Navia; Asemade recolle no dito informe técnico que as parcelas de orixe, segundo a documentación achegada son todas propiedade do IGVS (agás os terreos de dominio público pertencentes ao Concello de Vigo) , e as parcelas de resultado son adjudicadas todas elas ao IGVS, agás as parcelas destinadas a dotacións públicas, isto é, a parcela destinada a viais, parcela de equipamento e parcelas de zonas verdes, sen asignación de cargas de urbanización ao asumir a administración actuante a urbanización dos polígonos 1, 2 e 3 ; finalmente, sinala dita técnica que, comprobamos que os datos das parcelas de resultado recollidos na escritura proforma correspóndese cos das fichas das parcelas de resultado e cos do CADRO N° 5 .- PARCELAS DE RESULTADO DA MEMORIA, e que as parcelas de resultado cumpren o establecido polas ordenanzas do plan Parcial.

Finalmente, e respecto ao esgrimido pola dita arquitecta, aludindo a que “*aparentemente*” se está a producir un cambio de actuación,- Sen concluír nada ao respecto- e que debe emitirse informe xurídico ao dito respecto, compre indicar pola técnica xurídica que formula a presente proposta de acordo, e que valida co seu conforme a arquitecta xefa do departamento de Desenvolvemento urbanístico, o que segue:

Tal e como se ten indicado no relato de feitos, a xestión dos polígonos 1, 2 e 3 da 2ª MP do Plan Parcial de San Paio de Navia, levouse a cabo polo sistema de expropiación, de conformidade co establecido no dito instrumento de planeamento; Dita modificación determinou como sistema de xestión o de expropiación forzosa e agrupou as etapas pendentes de desenvolvemento en tres polígonos (polígono 1, polígono 2 e polígono 3) que se prevén executar por esa orde. Ditos polígonos, subdivídense á súa vez en fases, resultando dentro do polígono 1 obxecto do presente proxecto, as fases A e B.

O IGVS redactou os proxectos de expropiación forzosa de cada un dos polígonos correspondentes a dita modificación puntual segunda, polo que o expediente expropiatorio do polígono número un (1) foi aprobado definitivamente por Resolución do director Xeral do IGVS do 26 de novembro de 2021, e publicado no DOG núm. 239 do mércores, 15 de decembro de 2021, e no BOE num. 302 do sábado 18 de decembro de 2021, sendo notificada esta resolución aos interesados, á Delegación Provincial do Ministerio de Economía e Facenda en Pontevedra e ao Ministerio Fiscal tal como esixe a normativa vixente.

A tales efectos con datas 24,25,26,27, 28 de xaneiro de 2022, asináronse as correspondentes actas de pagamento e ocupación, do xeito e co resultado que se indicou no relato de feitos.

Consta acreditada no presente expediente, a propiedade do IGVS mediante os diferentes títulos aportados polo promotor do presente proxecto, válidos en dereito e cuxas certificacións rexistrais se achegan no Anexo II.

De ditos títulos, e das inscricións no Rexistro da Propiedade no seu caso, extráese que todas elas figuran como libres de cargas, salvo polo dereito de reversión co que se gravaron as fincas adquiridas por título de expropiación; Pola súa banda, non existen dereitos de realoxamento ou retorno que teñan que facerse efectivos.

En conclusión o procedemento de expropiación como sistema de xestión, levouse a cabo respectando o previsto na lexislación vixente e no planeamento do que trae causa (2ªMP PP NAVIA, EXP.15666/411).

Sentado o anterior, a finalidade única do presente proxecto, non é outra que a agrupación das parcelas de orixe, propiedade do IGVS e do Concello de Vigo (vias existentes no ámbito, parcela de equipamento e parcelas de zonas verdes) e subsecuentemente proceder a súa división conforme ao planeamento vixente, isto é a 2ª MP do Plan Parcial de San Paio de Navia, axustándose a proposta ao xa previsto na dita MP, cumprindo as determinacións contidas nas ordenanzas do dito instrumento de planeamento, culminando así no nel previsto , e proceder a súa ulterior inscrición no Rexistro da propiedade, revestindo de viabilidade xurídica a tramitación operada.

Polo anterior, entenden as que subscriben que non se está a producir un cambio no sistema de xestión, sendo a finalidade do presente proxecto a indicada no parágrafo anterior.

II.III. Formulación e tramitación

Respecto ao contido do proxecto de reparcelación estarase ao disposto no Capítulo V do Título IV da LSG, que deberá incluír a seguinte documentación: Memoria xustificativa: descrición das parcelas orixinais, descrición das parcelas resultantes, gastos da actuación e liquidación provisional, e cadro de reparcelación; Planos: plano de situación, plano topográfico, plano parcelas orixinais, plano parcelas resultantes, plano superposición parcelas orixinais e resultantes, plano ordenación xeral, plano localización das cesións municipais; Fichas parcelas resultantes: Ficha parcela 1, ficha parcela 2, ficha parcela municipal.

No que atinxe ao procedemento de aprobación, o órgano municipal competente aprobará inicialmente o proxecto e o someterá a información pública polo prazo dun (1) mes, mediante anuncios que se publicarán no Boletín Oficial da provincia, e nun dos diarios de maior circulación da provincia, con notificación individualizada aos propietarios do



CONCELLO DE VIGO

Expte.1702 /1102

ámbito, concluído o trámite de información pública, o órgano municipal competente procederá a súa aprobación definitiva.

Con carácter posterior á aprobación definitiva do proxecto, a entidade promotora inscribirá no Rexistro da propiedade a nova configuración física das parcelas. A tal efecto deberá remitirse ao Rexistro da propiedade unha certificación administrativa expedida polo Concello na que se inclúa o acordo de aprobación definitiva e se faga constar as circunstancias relativas ás persoas, os dereitos e as parcelas ás que afecta o acordo. Igualmente, con carácter posterior á aprobación definitiva a entidade promotora instará do Catastro a actualización da titularidade e nova configuración física das parcelas.

II. IV. Órgano competente

O artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, atribúe á Xunta de Goberno Local a aprobación dos instrumentos de xestión urbanística, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecede, PROPONSE á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo ditame do Consello da Xerencia municipal de urbanismo, a adopción do seguinte ,

ACORDO

PRIMEIRO.: Prestar aprobación, con carácter inicial ao documento nomeado “Proxecto de reparcelación do Polígono 1 de San Paio de Navia” promovido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, conformado pola documentación técnica inserida no rexistro electrónico da Xerencia municipal de urbanismo con data do 04.04.2024 (Doc. Núm. 240108417), documentación toda ela redactada pola sociedade “ Arquitectos Botana, SL,” de data abril de 2024, asinada dixitalmente polo arquitecto director dos traballos A.B.C (colexiado núm. 2405 do COAG).

SEGUNDO.: Someter o presente expediente, inicialmente aprobado, con toda a documentación que o integra, a información pública polo prazo de un (1) mes, mediante a inserción de senllos anuncios no Boletín Oficial da Provincia, nun dos diarios de maior circulación na provincia, no páxina web municipal no enderezo electrónico https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#, no apartado planeamento de desenvolvemento e xestión, e na sede electrónica municipal, computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no BOP- , a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente, e formularse as alegacións e suxestións pertinentes.

TERCEIRO.: Proceder á notificación do presente acordo, á todas as persoas interesadas no presente procedemento, segundo a relación incorporada ao proxecto.

Non obstante, o presente informe non é vinculante, e o órgano competente resolverá, co seu superior criterio o que estime máis conveniente.(...)”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(493).- ROGOS E PREGUNTAS.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez